

CONSUMO DE DROGAS, VIOLENCIA E ESTIGMA ASOCIADOS Á PROSTITUCIÓN E Á TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL

Un estudo exploratorio

Autoría: Lucía Fernández Del Río

Máster en Psicoloxía

**Especialidade en
Psicoloxía da Intervención
Social e Comunitaria**

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	4
Aspectos xurídico-legais	4
Dimensións do fenómeno	8
Características das vítimas de TFES e das mulleres en prostitución	10
Problemáticas e consecuencias psicosociais asociadas	11
METODOLOXÍA	18
Instrumentos	18
Procedemento de recollida e análise dos datos	19
Participantes	20
RESULTADOS	22
Condicións previas á entrada en situación de TFES ou prostitución	22
Condicións durante o tempo en situación de TFES ou prostitución	25
<i>Consumo de substancias</i>	25
<i>Situacións de violencia experimentadas</i>	27
<i>Estigma</i>	32
DISCUSIÓN E CONCLUSIÓNS	37
Limitacións e directrices futuras	40
Propostas de aplicación dos resultados na planificación de intervencións	41
REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS	43
ÍNDICE DE TÁBOAS	51
ÍNDICE DE FIGURAS	51
ANEXOS	52
Anexo 1: Esquema entrevista	53
Anexo 2: Presentación	55
Anexo 3: Consentimento informado	56

RESUMO

A prostitución e a trata sexual son dous fenómenos extremadamente complexos que teñen a súa orixe en causas estruturais e desigualdades económicas, sociais e de xénero. Polo tanto, non reducibles a circunstancias individuais das persoas envoltas. Estas implícanse nestes contextos coa esperanza de mellorar as súas vidas, pero o certo é que a evidencia amosa que é pouco habitual que isto chegue a ocorrer. De feito, a participación no mercado prostitucional adoita derivar en múltiples consecuencias para as persoas involucradas. Seguindo esta premisa, a presente investigación trata de afondar en tres delas: o consumo de substancias, as violencias experimentadas e o estigma experimentado e percibido. Utilizouse unha metodoloxía cualitativa con entrevistas semiestructuradas para analizar cuestións sobre as vidas das participantes, tanto previas como posteriores á entrada nestes contextos. A mostra consta de cinco mulleres pertencentes ao Programa Vagalume e o obxectivo é comprobar se vítimas de trata con fins de explotación sexual e mulleres en situación de prostitución comparten ou non características sociodemográficas, psicosociais e experiencias vitais similares. Concluíuse que, efectivamente, os relatos e vivencias das mulleres en trata sexual e prostitución posúan máis similitudes ca diferenzas, alomenos nos factores analizados. Espérase que isto sirva de axuda tanto para a definición socio-cultural que se lles da aos dous fenómenos como para orientar as actuacións con estas mulleres.

Palabras chave: prostitución, trata sexual, consumo, violencia, estigma.

ABSTRACT

Prostitution and sexual trafficking are two extremely complex phenomena that have their origin in structural causes, and in economic, social and gender inequalities. Therefore, not reducible to individual circumstances of the people involved. They get implied in these contexts hoping to improve their lives, but evidence shows that it is unusual for this to happen. In fact, participation in the prostitution market often results in multiple consequences for the people implicated. Following this premise, the present research seeks to delve into three of them: substance use, experienced violence, and experienced and perceived stigma. A qualitative methodology was used with semi-structured interviews to analyze questions about the lives of the participants, both before and after entry into these contexts. The sample consists of five women belonging to the Programa Vagalume and the aim is to check whether or not victims of trafficking for sexual exploitation and women in prostitution share similar sociodemographic, psychosocial and life experiences. It was concluded that, indeed the stories and experiences of women in sexual trafficking and prostitution had more similarities than differences, at least in the factors analyzed. We hope that this will help both the socio-cultural definition given to the two phenomena and to guide actions with these women.

Keywords: prostitution, sexual trafficking, consumption, violence, stigma.

INTRODUCCIÓN

A trata con fins de explotación sexual e a prostitución son fenómenos que nos últimos anos teñen suscitado un crecente interese tanto a nivel académico-profesional coma político e social (Benoit et al., 2017; García et al., 2011).

Porén, debido á súa gran complexidade, así como ao seu carácter invisible e clandestino, a investigación destes fenómenos topa con múltiples obstáculos, como, por exemplo, a dificultade de acceso a datos reais das persoas implicadas, ou os nesgos e carencias da información recollida polas axencias oficiais. En resumo, o coñecemento sobre estas prácticas é limitado e o que se sabe é moi posible que estea nesgado (García et al., 2011).

Por outra parte, a pesares do crecente interese nestas temáticas que se ven apreciando dende distintas disciplinas, o certo é que son escasos os traballos realizados dende a Psicoloxía. Ademais, os que se teñen feito céntranse maioritariamente en aspectos de saúde mental, tales como a incidencia e tratamento do estrés post-traumático (Hossain et al., 2010; Ostrovschi et al. 2011) ou a depresión (Alecrín, 2006; Zimmerman et al., 2006) derivados das vivencias que acompañan a trata e a prostitución.

Aspectos xurídico-legais

A trata con fins de explotación sexual (en diante TFES) e a prostitución son fenómenos evidentemente relacionados, pero que presentan una serie de diferenzas, especialmente a nivel xurídico-legal. Tal como se reflicte na Táboa 1, a situación legal en España é distinta con respecto a cada unha delas.

Táboa 1*Diferenzas legais e xurídicas entre a trata con fins de explotación sexual e a prostitución*

Trata con fins de explotación sexual	Prostitución
<p>A trata de persoas atópase recollida coma un delito no artigo 177 bis do Código Penal español, con penas de cinco a oito anos de cárcere (que se incrementan en función da coacción exercida e a idade das vítimas).</p> <p>Aparece tamén identificada como delito na lexislación e nas normativas de distintos organismos internacionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Protocolo de Palermo (derivado da Convención das Nacións Unidas contra a Delincuencia Organizada Transnacional, 2000). • Estratexia da UE para a erradicación da trata de seres humanos (Unión Europea, 2012). 	<p>En España o exercicio ou demanda da prostitución non é un acto delituoso en si mesmo. O Código Penal (artigo 188) soamente inclúe como punible a conduta de explotar a quen a realiza, limitando a súa liberdade sexual ou empregando violencia, engano ou intimidación.</p> <p>Existen diferentes afrontamentos legais con respecto á prostitución nos distintos países (incluso nos do nosa contorna inmediata), que engloban dende a prohibición ata a regulación normativa baseada na consideración de que se trata dun exercicio profesional.</p>

Fonte: elaboración propia.

Polo que atinxe á TFES, o Protocolo de Palermo –Protocolo para prevenir, reprimir y sancionar la trata de personas, especialmente mujeres y niños/as– (Naciones Unidas, 2000) establece a definición de trata máis utilizada:

Captación, transporte, traslado, acollida ou recepción de persoas, utilizando como medios, as ameazas, a forza ou outras formas de coacción, o rapto, o fraude e o engano ou o abuso de poder nunha situación de vulnerabilidade, así como a concesión ou a recepción de pagos ou beneficios para conseguir o consentimento dunha persoa que teña control sobre outra, con fins de explotación. Esa explotación incluírá, como mínimo, a explotación da prostitución allea ou outras formas de explotación sexual, os traballos ou servizos forzados, a escravitude ou as prácticas análogas á escravitude, a servidume ou a extracción de órganos (p. 2).

Como se menciona na Táboa 1, existe unanimidade en considerar ilegal a TFES, e isto é así aínda no caso de que a persoa dera o seu consentimento para a trata, se este consentimento responde a unha situación de vulnerabilidade. Dáse vulnerabilidade cando unha persoa non ten outra alternativa (real ou aceptable) excepto a de someterse ao abuso (Cock, 2013). Considérase que a TFES é unha forma de coerción e violencia (Castellanos e Ranea, 2013), cualificada por Nacións Unidas (2000) como unha das máis crueis vulneracións dos dereitos humanos do século XXI.

Tamén o Plan Nacional Contra a Trata con Fins de Explotación Sexual (2016), así como A Lei galega Contra a Violencia de Xénero, recollen o tráfico de mulleres e nenas con fins de explotación sexual como unha expresión de violencia de xénero e como un delito resultado das manifestacións e consecuencias da desigualdade entre homes e mulleres.

A diferenza da TFES, a prostitución non implica necesariamente condicións de escravitude ou coerción (García et al., 2011); e, polo tanto, o seu exercicio non é delito, senón que só o sería a conduta de quen se aproveita del utilizando violencia, engano ou intimidación. A pouca especificación e a relativa indefinición das condutas vinculadas á prostitución no Código Penal levan a algúns autores (Lucas, 2017; Pinedo e López, 2015) a considerar que se trata dunha actividade non ilegal pero si alegal.

Precisamente pola dificultade da definición legal da prostitución, así como polas diferenzas que existen nas lexislacións dos distintos países con respecto a ela, continúa vixente a controversia sobre a idoneidade das distintas posturas socio-legais que coexisten na actualidade (Chejter, 2016). De maneira xeral, existen dous puntos de vista contrapostos: o regulacionismo e o abolicionismo (Macaya, 2016).

- O Regulacionismo propón a legalización da prostitución, lexitimándoa coma un traballo máis, en tanto que a considera unha relación contractual entre dúas persoas e admite que o propio corpo (ou o sexo) pode ser un ben comerciable. Polo tanto, reivindica lexislacións laborais específicas que fagan máis seguro o exercicio da prostitución.
- O Abolicionismo considera que a prostitución é, en si mesma, unha vulneración dos dereitos da persoa, en tanto que non é posible disociar o seu exercicio das situacións de vulnerabilidade nas que se atopan a maior parte de quen a exerce. Dende esta posición a prostitución é unha forma de violencia contra as mulleres (que son as que moi maioritariamente a sofren), un tipo de comercio que cousifica os corpos para satisfacer as demandas de aqueles situados en posicións de poder (nun sistema heteropatriarcal).

É necesario destacar que estas dúas posturas xerais non son as únicas existentes. Topámonos con enfoques que integran postulados de ambas, así como outros que propoñen regular ou prohibir baseándose en razóns diferentes das enunciadas. Trátase,

polo tanto, dun debate vixente no que non parece probable unha solución de consenso compartida polos distintos países (Lucas, 2017; Macaya, 2016).

A pesares dos aspectos legais que distinguen a situación das mulleres vítimas de TFES das mulleres en situación de prostitución, tamén é certo que a relación que existe entre ambas é directa e moi importante, en tanto que, por unha parte, a finalidade da TFES é o comercio de servizos sexuais, e, por outra, a existencia da prostitución favorece, e incluso fai posible, a existencia da TFES (Castellanos e Ranea, 2013; Meneses et al., 2015; Posada, 2012).

Neste sentido, tamén é importante especificar que a intervención contra a trata (levada a cabo polas Forzas e Corpos de seguridade do Estado), non é doada, dada a dificultade de identificalas nos contextos de prostitución. No Protocolo Marco de Protección de Víctimas de Trata de Seres Humanos (Gobierno de España, 2011), preséntanse algúns dos indicios ou circunstancias (Táboa 2) que poden levar a sospeitar a situación de TFES.

Táboa 2

Indicadores para a identificación de posibles vítimas de TFES

- Presentación de documentación falsa.
 - Documentación acreditativa do aboamento de débedas ao explotador.
 - Constancia no seu pasaporte de data de entrada en espazo libre de circulación Schengen próxima ao momento da súa identificación (especialmente se transcorreron menos de tres meses desde a entrada).
 - Acreditación do aboamento do billete por parte do explotador.
 - Aloxamento no propio club.
 - Carencia de diñeiro e medios económicos.
 - Ausencia de posesión do billete de volta do seu pasaporte ou que esta documentación sexa custodiada polos seus explotadores.
 - Situación irregular en España.
 - Mal estado físico ou psíquico (lesións, desnutrición, síntomas de ansiedade, estrés, padecemento de infeccións...).
 - Incapacidade ou dificultades para se comunicar no idioma do lugar en que se atopa.
 - Presenza no local de cámaras de seguridade ou outros medios de vixilancia, tales como porteiros, controladores, etc.
-

Fonte: Xunta de Galicia e Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia, 2012, p. 9-10.

A pesares da existencia destes indicadores, a identificación e confirmación das vítimas de TFES resulta complexa. Principalmente porque elas mesmas, en moitas ocasións, non se recoñecen como tales, ben sexa por medo ou desconfianza, por

normalización da violencia vivida ou por descoñecemento dos seus dereitos no país de destino (APRAMP, 2015; Meneses et al., 2015).

Dimensións do fenómeno


Tal como se sinalaba ao comezo, é moi posible que as cifras de TFES procedentes de datos oficiais só representen unha pequena porcentaxe do total, dado que a súa ilegalidade, xunto coas características das vítimas –persoas inmigrantes en situación irregular que en moitas ocasións non son nin conscientes de ser vítimas dun delito– supón que a maioría dos casos non sexan cuantificados. Calcúlase que en total denúncianse ás autoridades menos do 30% dos casos (Castellanos e Ranea, 2013; Pérez, 2013).

Atopámonos nun contexto con moitas cifras escuras e os datos aos que temos acceso non son máis ca un incompleto e reducido reflexo da realidade (Pérez, 2013). Aínda con todo, a nivel mundial e nos últimos anos, o número de vítimas de trata reportadas aumentou constantemente. Isto pode ser debido ben a unha maior capacidade por parte dos estados para detectar, rexistrar e reportar estas cifras ou ben ao aumento na incidencia desta problemática (UNODC, 2020).

A Oficina da ONU contra a Droga e o Delito (UNODC, 2020) estima que aproximadamente un 50% das vítimas de todo tipo de trata son casos de TFES (Figura 1). E non é de estrañar que sexa a máis numerosa, pois trátase, xunto co tráfico de drogas e de armas, dun dos negocios ilícitos máis lucrativos (Castellanos e Ranea, 2013).

Figura 1

Porcentaxe de vítimas de trata por tipo de explotación




Fonte: Elaboración propia a partir do Informe UNODC (2020).

Polo que respecta ao sexo/xénero das vítimas de TFES, os informes que emiten as diferentes organizacións internacionais amosan datos que manifestan que se trata dun crime non equitativo en termos de xénero, pois afecta ás mulleres de maneira desproporcionada (Sánchez, 2015). O Informe UNODC (2020) sinala que máis do 90% son mulleres e nenas (Figura 2). Os datos da Organización Internacional do Traballo (OIT, 2012) son similares, cuantificando que as mulleres e nenas supoñen un 98% das vítimas de TFES.

Figura 2

Sexo/xénero e sector de idade das vítimas de TFES



Fonte: Elaboración propia a partir do Informe UNODC (2020).

No caso da prostitución, a pesares de non ser un acto ilegal en si mesmo, a relación desta con certas condutas delituosas, así como o estigma e exclusión social derivados do seu exercicio, tamén dificultan a obtención de datos fiables (Sánchez, 2015).

Por tanto, tampouco existe información contrastada, nin existe un censo nin datos oficiais con respecto ao número de persoas en prostitución (Rubio, 2012). No informe das Cortes Generales de 2007, estimábase que aproximadamente 400.000 mulleres exercían a prostitución en España. Con datos máis recentes Havoscope (2015) estima en 300.000 as mulleres en situación de prostitución no noso país (Añón-Loureiro, 2020).

Cabe afirmar, como conclusión, que se trata de actividades que xeran un amplo volume de negocio, e nas que están envoltas un número importante de persoas, maioritariamente mulleres, que non adoitan ser as que se benefician en maior medida deses ingresos.

Características das vítimas de TFES e das mulleres en prostitución

A pesar de que tanto as mulleres vítimas de TFES como aquelas en situación de prostitución constitúen un grupo amplo e heteroxéneo (Añón-Loureiro, 2020; Rubio, 2012), tamén é certo que ambas presentan tipicamente características compartidas. Maioritariamente, trátase de mulleres que presentan as seguintes particularidades:

- **Migrantes:** procedentes de países en vías de desenvolvemento (en España, maioritariamente de países de América do Sur, do Este de Europa e de África). Esta condición de estranxeiras –e, en ocasións, irregulares–, dificulta a súa integración social e o acceso en igualdade de condicións coas nacionais ao mercado de traballo fóra da prostitución (García et al., 2011; Pinedo e López, 2015; Rubio, 2012; Sánchez, 2015). En informes realizados pola Garda Civil recóllese que máis do 90% das mulleres que se atopaban nos clubs de estrada (competencia da Garda Civil) eran estranxeiras (Castellanos e Ranea, 2013; Majuelos, 2014).
- **Con dificultades económicas severas:** a maioría proceden de países pobres, e teñen como destino países nos que esperan mellorar a súa situación. Entre os países con máis demanda sitúanse os de Europa Occidental e Meridional e os de Oriente Medio. España actúa como país de tránsito e destino, figurando entre os 20 primeiros do mundo en canto a recepción destas persoas (UNODC, 2018). Tanto dende a análise estatística das condicións de procedencia proporcionado por organismos oficiais (UNODC, 2020), como dende os resultados de traballos realizados coas propias mulleres, a situación de dificultades económicas severas –frecuentemente acompañada de cargas familiares– preséntase como o principal motivo para o comezo e/ou mantemento da situación de prostitución (Lamas, 2014; Rubio, 2012).
- **Con problemáticas familiares e/ou violencia previa experimentada:** recóllese un continuo de violencias nas historias de vida destas mulleres (Castellanos e Ranea, 2014) con orixe en familias desestruturadas, con falta de afectividade e forte desarraigamento familiar. A maior parte das mulleres que exercen a prostitución manifestan que sufriron algún tipo de maltrato previo (físico, sexual, violacións, acoso, emocional, económico, afectivo, etc.), e, de feito, algunhas indican que este

é un dos principais motivos da súa entrada en prostitución (APRAMP, 2005; Pallarés, 2019; Zimmerman et al., 2006).

Polo tanto, á vista das condicións sociais maioritarias neste colectivo, sería preciso recoñecer que a explotación e o sufrimento das mulleres en prostitución non é meramente un problema derivado de circunstancias individuais, senón un fenómeno que ten a súa orixe en causas estruturais, nas desigualdades económicas e sociais, ás que se suman as desigualdades de xénero (APRAMP, 2005; Castellanos e Ranea, 2013).

As mulleres sofren unha situación de vulnerabilidade superior á experimentada polos varóns, o cal se intensifica nas rexións máis pobres do planeta (Benoit et al., 2017), de maneira que non se podería analizar o fenómeno sen facer referencia ao sistema patriarcal en tanto que estrutura de poder que sustenta estas desigualdades e xerarquiza o masculino sobre o feminino (Castellanos e Ranea, 2014).

A pesares de que algunhas mulleres indican que, nalgún nivel, elas fixeron a elección de empezar en prostitución, o certo é que tamén manifestan que a súa historia persoal e as súas circunstancias de vida condicionaron esa 'elección'. Moitas introducíronse no mundo da prostitución coa esperanza de poder chegar a ter unha mellor vida, pero o certo é que os datos indican que é baixa a probabilidade de que esa vida mellor se materialice (Blakey e Gunn, 2018; Blithe e Wolfe, 2017).

En ambos casos (TFES e prostitución) se producen unha serie de comunalidades que afectan non só ás súas características; senón tamén ás consecuencias da súa actividade, e á imaxe social que sobre elas existe. No seguinte apartado trataranse máis en profundidade estas temáticas.

Problemáticas e consecuencias psicosociais asociadas

Entre as razóns que fan improbable a consecución dunha mellora de vida real mediante o exercicio da prostitución, especialmente pero non só, no caso da prostitución forzada, poderíanse mencionar, ademais dos problemas de saúde física (e.g. enfermidades de transmisión sexual) e mental (e.g. estrés, depresión) (Chang e Weng, 2015): as dependencias do alcol e outras drogas como elemento directamente relacionado coa prostitución, os riscos asociados á violencia da que son obxecto e a imaxe social negativa (estigma) que sofren.

O comercio sexual e o consumo de drogas son dúas condutas que presentan unha forte dependencia a unha da outra. O consumo de alcol atópase practicamente sempre presente entre as mulleres nesta situación, porque nestes ámbitos o seu uso é altamente normativo. Pero tamén é frecuente o consumo doutras substancias (Lancaster et al., 2018; Meneses, 2020).

Calero (2017) analiza, a través dunha entrevista semiestruturada, o consumo de drogas nunha mostra de 13 mulleres vítimas de TFES, con idades comprendidas entre os 20 e os 31 anos. Encontra que o consumo das participantes é un consumo imposto, ben polos tratantes ou ben polos clientes. Á rede de trata en particular interésalle que as mulleres consuman substancias psicoactivas por dous motivos: incrementar os ingresos, pois coa axuda das drogas as mulleres poden soportar longas xornadas atendendo aos clientes; así como incrementar a débeda da vítima coa rede, colocándoa nunha situación máis vulnerable.

Tamén entre as mulleres en prostitución, que non son vítimas de trata, o consumo é habitual. Por exemplo, Ceballos et al. (2013) cunha mostra de 30 mulleres en situación de prostitución, atopa que o 60% mantiñan un consumo abusivo de alcol, e o 40% un consumo moderado; por tanto, ningunha delas reportou non consumir alcol.

Nowotny et al. (2017) realizaron entrevistas de historia de vida e observacións etnográficas nunha mostra de 109 mulleres en situación de prostitución, cunha media de idade de 29 anos. Atopan que a droga máis consumida era o alcol, seguido da cocaína. O alcol presentábase como central na iniciación dos encontros sexuais, mentres que a cocaína se utilizaba para contrarrestar os efectos do anterior: proporcionando enerxía para aguantar durante máis horas e continuar bebendo cos clientes sen sentirse embriagadas. Esta investigación amosa que o proceso social da prostitución e as condicións nas que se leva acabo serven como catalizador dos problemas co alcol e, co paso do tempo, de outras drogas máis duras. A medida que as mulleres se involucran máis na industria do sexo, a súa dependencia de substancias intensifícase.

Esta relación entre o tempo en prostitución e a progresión no consumo de distintas drogas (policonsumo), tamén se pon de manifesto no traballo de Shokoohi et al. (2019). Nel analízase a prevalencia do consumo de drogas, e os factores asociados a este, a través dunha enquisa nunha mostra de 1347 mulleres en situación de prostitución. Os resultados

amosan que aquelas mulleres que reportaban ter estado durante máis tempo na situación de prostitución declararon un maior policonsumo ca aquelas que levaban menos tempo.

Van Nunen et al. (2014), utilizando unha mostra de mulleres en situación de prostitución cunha media de idade de 32 anos, encontran que case un 90% informan de consumo de alcol no último mes. Ademais, tamén atoparon que case a metade delas consumiran varios tipos de drogas nese mes. A combinación máis habitual é do alcol coa cocaína. As mulleres indicaban que estar baixo os efectos dalgunha droga facilitaba o exercicio da prostitución. O carácter instrumental do consumo nestas mulleres vese reforzado polo feito de que nos días libres apenas consumían nin alcol nin outras drogas.

A pesares de recoñecer os riscos asociados ao consumo destas substancias, as normas e dinámicas de poder da situación perpetúan este uso perigoso das mesmas (Lancaster et al., 2018). Por exemplo, Meneses (2020) leva a cabo unha investigación, utilizando a observación participante e entrevistas cualitativas, cunha mostra de mulleres en cinco clubs españois. A idade das mulleres situábase entre os 18 e os 45 anos. Nos seus resultados ponse de manifesto que o uso de drogas é un elemento importante na interacción entre as mulleres e os clientes, e que este uso xira en torno ao cliente, principal consumidor.

Blanco et al. (2020) formularon o seu traballo, especificamente, para analizar que o consumo de substancias é utilizado por parte das mulleres en situación de prostitución como estratexia de afrontamento ao estrés, ansiedade e depresión e non por dependencia ou con fins recreativos. A mostra constaba de 24 mulleres cunha media de idade de 41 anos. Para participar no estudo era necesario que estiveran en activo e que tivesen consumido algunha substancia nos tres meses anteriores. Acharon que as substancias de maior prevalencia de consumo foron, en primeiro lugar, as bebidas alcohólicas, seguidas do tabaco e da cocaína. Os resultados confirman a hipótese inicial: Estas mulleres consideraban que o traballo se volve máis sinxelo cando se consume algún tipo de substancia.

De acordo cos resultados descritos, o patrón de consumo nos contextos de prostitución parece axustarse a un uso de distintas substancias dun xeito instrumental, como elemento facilitador na realización de servizos sexuais, así como para tratar as consecuencias negativas do exercicio (como por exemplo, o estrés asociado a súa práctica). As mulleres acotío reportan que o ‘traballo sexual’ é intolerable estando sobrias,

neste contexto o consumo de drogas úsase como unha estratexia para manexar as condicións de ‘traballo’ (Shokoohi et al., 2019; Syvertsen et al., 2019).

O estudo de Rodríguez et al. (2014), realizouse a través dunha entrevista semiestruturada nunha mostra de 103 mulleres en situación de prostitución; e aborda a relación entre o consumo de drogas e a violencia que sofren estas mulleres no contexto de prostitución. Os seus resultados apoian a hipótese de partida, dado que aquelas mulleres que experimentaron violencia (física ou psicolóxica) no mes anterior á entrevista reportaron significativamente máis consumo de cocaína, tabaco e alcol ca aquelas que non a experimentaron nese mesmo período temporal.

En xeral, a TFES e a prostitución son consideradas, por distintos autores, en si mesmas, unha forma de violencia cara as mulleres (Castellanos e Ranea, 2013; Ulloa, 2011); pero, ademais, os contextos nos que se exerce a prostitución caracterízanse por altos niveis de violencia (Monto, 2014): sofren agresións, ameazas, abusos sexuais, humillacións, insultos, etc. tanto por parte dos clientes, porque estes entenden que o pago lles confire poder para o abuso, como por parte dos tratantes e proxenetas, para mantelas controladas e vulnerables (APRAMP, 2005; Cavalcante e Ferreira, 2012).

Sadati et al. (2019) realizaron un estudo cunha mostra composta por 18 mulleres en situación de prostitución de rúa, co obxectivo de explorar as súas vivencias de violencia. Os resultados amosaron que moitas participantes tiñan experimentado varias formas de violencia e abuso antes da entrada en prostitución, pero que todas seguen a sufrila durante o tempo en prostitución. A violencia máis frecuente é a física e a psicolóxica. Resulta tan habitual que para algunhas mulleres se converte (especialmente a psicolóxica) en natural.

As agresións exercidas polos clientes ou polo ‘empresario’ da industria do sexo non son as únicas ás que estas mulleres están sometidas. Cavalcante e Ferreira (2012) analizaron unha mostra de 11 mulleres que exercían ou tiñan exercido a prostitución, utilizando unha entrevista de preguntas abertas sobre as súas vivencias en relación coa violencia. Entre as violencias mencionadas sinálanse as agresións físicas, ameazas de detención, insultos, etc. exercida por membros dos corpos de seguridade do estado.

Martínez (2020) utilizando entrevistas semidirixidas aplicadas a unha mostra de nove persoas que exerceron a prostitución e sete interventores e investigadores expertos

no tema, tamén informa da presenza de testemuñas nas que se narran abusos sexuais por parte de membros da policía que aproveitan a súa posición de poder, especialmente con mulleres en situación administrativa irregular.

Polo tanto estamos ante un segmento social que recibe violencia por parte dos clientes, da policía e da sociedade ao completo (Cavalcante e Ferreira, 2012).

Tal como acabamos de sinalar, unha das razóns da violencia á que son sometidas dérivase da pouca consideración social que estas mulleres adoitan ter, é dicir, do estigma que sofren.

O estigma, de acordo con Erving Goffman (1963, p.3), é “un atributo ou marca social que vincula a unha persoa cun estereotipo e leva aos individuos a reducir ao portador deste dunha persoa completa a unha contaminada e descartada”. O estigma asóciase, polo tanto, con outros fenómenos sociais como a discriminación, o rexeitamento e a exclusión social (Benoit et al., 2017).

A estigmatización de persoas ou colectivos non adoita ser fortuíta, é resultado do incumprimento das esixencias do código social que marca a sociedade nun tempo e nun lugar determinados (Mogollón et al., 2016). Neste código social de comportamento, a normativa hexemónica de xénero condiciona os comportamentos sociais de homes e mulleres, establecendo uns patróns de corrección que afectan de maneira significativa ás condutas sexuais. En concreto, a sexualidade feminina constrúese como tenra, difusa e orientada aos sentimentos, entendendo o intercambio sexual como un feito “cuasi sagrado” ao que as mulleres deben entregarse con quen realmente teñan unha relación de amor. Na prostitución incúmpranse estes valores, o que favorece a emerxencia do estigma (Macaya, 2016).

Benoit et al. (2015) formularon o seu traballo lonxitudinal para abordar a posible relación entre o estigma percibido no traballo e o consumo de drogas. Utilizaron unha mostra de 441 mulleres, pertencentes a tres ocupacións: prostitutas, camareiras e perruqueiras. Os resultados amosaron que, como era esperable, o estigma percibido era significativamente maior para as persoas en situación de prostitución que para os outros dous grupos. Tamén observan que o consumo de alcol e outras drogas (especialmente heroína e cocaína) é maior neste colectivo. Ademais encontran que a percepción do

estigma é a variable que media a relación entre a ocupación e o consumo abusivo de drogas duras nas mulleres en situación de prostitución.

Pinedo e López (2015) levan a cabo un estudo nunha mostra composta por 146 mulleres (con idades comprendidas entre os 19 e os 53 anos) que exercían a prostitución en Castela e León. Utilizan unha entrevista semiestruturada co obxectivo de avaliar os niveis de soidade social e emocional (familiar e de parella), e atopan que estas mulleres informan dun nivel de soidade significativamente superior aos valores medios da poboación española. Os autores atribúen a causa desta soidade ás condicións nas que se leva a cabo a prostitución (horarios, locais apartados), pero tamén, moi especialmente, ao estigma asociado a quen a exerce, os cales dificultan o establecemento de relacións emocionais e de parella adecuadas.

Blithe e Wolfe (2017) realizan 18 entrevistas en profundidade (10 a mulleres que exercían a prostitución en clubs e 8 a donos/as e traballadores/as –e.g. camareiros/as– dos mesmos locais) para coñecer como as mulleres en situación de prostitución tenden a afrontar o seu estigma ocupacional. Nos resultados observaron que as mulleres tratan de evitar a transferencia do estigma sobre a súa identidade persoal e social establecendo unha distinción ou separación entre o seu rol de prostitutas e a súa identidade persoal. Isto permítelles protexer a súa identidade da transferencia do estigma.

Co propósito de analizar se o estigma pode actuar impedindo ou retrasando o proceso de saída da situación de prostitución, Blakey e Gunn (2018) analizaron unha mostra de 14 mulleres participantes no programa “Supporting the End of Prostitution Permanently” de Chicago. As mulleres tiñan idades comprendidas entre os 25 e os 55 anos. Utilizaron unha entrevista semiestruturada que incluía preguntas, entre outros, acerca dos seguintes aspectos: historia familiar, inicio da vida en prostitución, trauma, experiencias coa prostitución ou trata, mecanismos de afrontamento, e implicación no sistema penal. Os resultados obtidos avalan a hipótese de partida, no sentido de que, a pesares de tratarse de mulleres que estaban recibindo asistencia e tiñan acceso a distintos recursos, o estigma asociado á súa vida en prostitución retrasaba e complicaba a saída da mesma.

Tendo en conta as evidencias expostas ata o momento, cabería concluír que cada un destes elementos: estigma, violencia e consumo abusivo de drogas afectan

negativamente ás mulleres tanto durante como posteriormente á situación de trata sexual e prostitución.

O propósito deste traballo é analizar se os factores sociodemográficos e psicosociais, aos que fan referencia os estudos revisados, son comúns tanto entre as mulleres vítimas de TFES como entre as mulleres en situación de prostitución, ou ben se as súas circunstancias e experiencias son diferentes. Este obxectivo xeral, concrétese nos seguintes obxectivos específicos:

1) Comprobar se comparten características socioeconómicas e sociodemográficas na súa traxectoria vital previa á prostitución.

2) Comprobar se teñen experiencias similares durante o exercicio da prostitución, con respecto ao consumo de drogas, á violencia experimentada e ao estigma percibido.

Contribuír a clarificar esta cuestión será de utilidade, tanto para a definición socio-cultural de ambos fenómenos, como, máis especificamente, para a formulación de actuacións psicosociais preventivas e de intervención coas mulleres.

METODOLOXÍA

Os fenómenos estudados neste traballo son a prostitución e a trata sexual. É habitual que nestes casos as investigacións sexan realizadas a través, ou coa colaboración, de Organizacións Non Governamentais especializadas na temática. Isto facilita a recollida de información, porque permite o acceso a un maior número de persoas nun mesmo lugar e, ademais, debido á relación de confianza que as mulleres teñen coas traballadoras e traballadores destas organizacións, faise máis doado conseguir a súa participación en entrevistas que requiren a recollida de datos de carácter persoal.

Como parte da miña formación, realicei as prácticas curriculares de Mestrado en Vagalume, unha organización creada polas Hermanas Oblatas e Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela. A finalidade deste programa é dar apoio e axuda ás mulleres en contextos de prostitución ou vítimas de trata con fins de explotación sexual, ofrecéndolles información, asesoramento e acompañamento gratuíto, confidencial e non discriminatorio. Parte da miña labor como alumna en prácticas consistiu en realizar algunhas das entrevistas utilizadas para o presente estudo.

Instrumentos

Empregouse unha metodoloxía cualitativa. Realizáronse entrevistas semiestruturadas, nas que se incluían preguntas acerca da vida previa á situación de trata e/ou prostitución, cuestións sobre a experiencia durante o exercicio da mesma, e preguntas sobre a valoración das vivencias experimentadas e dos proxectos de futuro.

A elección da metodoloxía foi debida á idoneidade que este método ten para o estudo dos fenómenos a tratar, nos que non existen datos oficiais contrastados, nin posibilidade de aplicar cuestionarios a grandes mostras. A entrevista permite, ademais, un acercamento individualizado ás experiencias vitais destas mulleres, que se adapta á consecución dos obxectivos perseguidos. Neste sentido, é importante destacar que a maior parte dos estudos sobre prostitución e TFES utilizan esta metodoloxía (Castellanos e Ranea, 2013).

A mostra final inclúe cinco entrevistas, das cales tres foron recollidas dos rexistros de Vagalume (realizadas por outras psicólogas do centro), e dúas realizadas para este traballo. As entrevistas feitas especificamente para este traballo corresponden a mulleres en prostitución, non vítimas de trata. Tendo en conta a necesidade de incluír na mostra entrevistas xa realizadas, as preguntas da nova entrevista (Anexo 1) elaboráronse tendo en conta as xa efectuadas nas entrevistas previas, pero eliminando algunhas, e incluíndo outras máis acordes cos obxectivos específicos deste traballo.

Procedemento de recollida e análise dos datos

Debido a que estaba realizando o prácticum no Programa Vagalume, o proceso de contacto coa mostra foi supervisado pola psicóloga da organización. Esta psicóloga (titora profesional do prácticum), realizou a proposta de participar na investigación ás mulleres atendidas no centro. Coas que mostraron interese, programouse unha primeira cita na que lles explicaba máis detalladamente en que ían consistir as entrevistas (Anexo 2) e, no caso de que aceptaran, pasábase a programar o día e a hora para a realización das mesmas.

Na primeira toma de contacto firmouse un consentimento informado (Anexo 3) no que se aseguraba o anonimato da muller e a confidencialidade dos seus datos seguindo as recomendacións da Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales. Incluíanse as firmas da Psicóloga do centro co seu número de colexiada, a miña sinatura como entrevistadora e a da participante como entrevistada.

Finalmente dúas participantes programaron as entrevistas que tiveron lugar os días 28 de decembro de 2020 e 10 de marzo de 2021, nunha das salas de Vagalume, que aseguraba a intimidade e comodidade necesarias para a súa realización.

De tódalas entrevistas se obtivo un rexistro audible que despois se transcribiu á forma escrita para ser analizado.

As entrevistas recollidas dos rexistros de Vagalume teñen unha duración variable, que oscila entre media e dúas horas. As entrevistas novas, realizadas especificamente para este traballo, teñen unha duración media de 30 minutos.

Para analizar as entrevistas a partir das transcricións dos relatos, examináronse as respostas dadas a cada unha das preguntas e identificáronse e clasificáronse os distintos fragmentos das testemuñas das mulleres en función das categorías ás que se aluden nos obxectivos do estudo.

Para asegurar o anonimato, os nomes de persoas e lugares que se mencionaban nos seus relatos foron eliminados e substituídos por asteriscos. E para reflectir o máis fielmente posible as vivencias relatadas, transcribíronse literalmente, no estilo e idioma utilizado polas mulleres, polo que en ocasións aparecen fragmentos en máis dun idioma, ou palabras pouco comúns.

Participantes

Para a selección das entrevistas do arquivo de vagalume (e para a selección dos casos restantes, a realizar para o traballo) utilizouse unha mostraxe intencional, isto é, seleccionáronse os casos estratexicamente para construír un corpo de exemplos empíricos que permitiran estudar o fenómeno e dar resposta ás cuestións da investigación (Flick, 2015). Os criterios de inclusión que se utilizaron para a formación da mostra foron: que fosen mulleres, maiores de idade e que estiveran ou tiveran estado en situación de prostitución e/ou fosen vítimas de TFES.

Dado que as entrevistas do arquivo correspondían a dous casos de TFES e un de prostitución, todas elas en situación de ter abandonado o exercicio da prostitución, as entrevistas realizadas para completar a mostra incluíron dous casos de mulleres en prostitución, unha que xa tiña abandonado o seu exercicio e unha que continuaba exercendo.

Na Táboa 3 recóllense os datos da mostra, coas características socio-demográficas das participantes da investigación. Para manter o seu anonimato emprégase como

identificador a letra M (de muller) e uns números que se asignaron en función da orde na que se realizaron as entrevistas.

Táboa 3

Características da mostra

ID	Idade	País Orixe	Nº de Fillos	Nivel Estudos	Idade inicio	Tempo exercendo	TFES/ Prostitución	Abandono
M1	27	Brasil		Univ.	23		TFES	Si
M2	41	Arxentina	3	Sexto	13	22	TFES	Si
M3	50	Brasil	3	Cuarto		2	P	Si
M4	40	Brasil	4	Sétimo	38	2	P	Si
M5	30	España	0	Univ.	20	10	P	Non

Fonte: elaboración propia.

Nota: As casañas en gris representan datos perdidos.

As idades das mulleres participantes ían dende os 27 ata os 50 anos no momento da entrevista, cunha media de 37.6 anos. Catro das cinco participantes eran de orixe latino-americano mentres que a última era española. Tres das mulleres (60%) tiñan fillos. No referente aos estudos, tres das participantes apenas alcanzaron o graduado escolar mentres que dúas delas chegaron a comezar estudos Universitarios (sen rematalos).

RESULTADOS

Neste apartado mostraranse as narrativas das cinco mulleres entrevistadas participantes do presente estudo, organizadas en función do momento vital ao que fan referencia.

Condicións previas á entrada en situación de TFES ou prostitución

Comezando coa idade de inicio na situación de trata ou prostitución, tres das mulleres tiveron un inicio temperá (antes dos 25 anos), unha delas comezou aos 38 anos e da restante descoñecemos o momento exacto no que entrou en prostitución. Entre as que informan dun inicio temperá, unha delas, vítima de trata, comezou sendo menor de idade.

M2: No es una cosa rara. Porque yo me crie en un barrio de prostitución y de macarras. Entonces, toda la vida, lo que se vio en el barrio fue eso. (...) el primero (*pareja*) me metió, a la prostitución. (...) Tenía 13 o...casi pa' 13. (...) Cuando yo terminé mi grado, cuando fui a trabajar yo por primera vez, era como 8 o 7 que estábamos, todas estábamos trabajando del mismo grado, de la misma edad. (...) Éramos todas, como si nos moviésemos del colegio, al prostíbulo.

O tempo que estiveron en situación de trata e/ou prostitución é tamén moi dispar, oscila dende os 2 anos ata os 22 anos. Sobre esta última, vítima de trata, destacamos que, aínda que na actualidade declara ter abandonado o seu exercicio, comenta que mantén algún cliente, pero con condicións distintas:

M2: Ahora tengo el trabajo, pero tengo miedo a no tener nada y...a decir: "No tengo nada y ¿qué le doy a los chicos?". Entonces yo sé que son clientes, pero...ni

amigos ni nada eh...clientes eh. Que yo les puedo sacar...100...no es una cosa de 30 ni de 20€ ¿sabes? Entonces yo voy, pido, y me tienen que dar. Pero no es la prostitución de antes eh, que yo hacía. Ahora mando yo. Es una ayuda. Porque si yo necesito para alquiler, para compra, yo voy. Aunque no me acueste eh. Porque antes era una cosa como de...favor a favor...que yo me tenía que acostar pa' que me den. Ahora yo pido y cuando yo quiera nos acostamos.

Como se ten referido na descrición da mostra, tódalas mulleres se atopan na actualidade fóra do comercio sexual exceptuando unha delas en situación de prostitución, que continúa exercendo, aínda que amosa na entrevista intencionalidade de saír:

M5: Ahora. Quiero dejarlo. Pero quiero dejarlo bien, no quiero dejarlo escapada. Y arreglando muchas cosas que tengo ahí. De muchos años ¿no? Para salir y salir bien. (...) A parte estoy mirando un local con una amiga para montar un ****(negocio), así que bueno, ahí como proyecto (...) Pues queremos...bueno además las dos estamos en lo mismo, así que lo pensamos y lo planteamos demás, sería combinarlo al principio con otro trabajo. Que esperemos que no sea este, un trabajo normal a media jornada. Y así pues una cosa normal.

As dúas mulleres vítimas de trata, e dúas das tres de prostitución, son estranxeiras. Elas mesmas expoñen como a súa situación de “muller migrante” (en ocasións irregular) interfere nas súas vidas e afecta ao seu día a día:

M1: Non teño papeis, teño unha orde de expulsión para fóra do país e o meu pasaporte retido na comisaría. (...) Me sinto como se fose unha persoa indixente. Sen ter meus documentos. Algo que poida comprobar que son eu mesma. Me fecha as portas para moitas cousas que eu quero facer. Poder facer un curso, sabe? Conseguir un bo traballo. Me cerra as portas. (...) por máis que eu non teña medios, non teño os meus papeis e todo e conseguir un traballo...

M2: (...) cuando me agarraron en la chabola...era la primera vez (...) Fue la policía a mi casa para ver que era verdad que estaban los niños (...) Fue la policía, entró a casa, vio a las niñas, le di el pasaporte...y bien.

M3: De eu estar aquí xa foi difícil. Porque eu non tiña condicións de estar aquí. (...) Non teño os papeis. (...) Non sei se vou conseguir os meus papeis. (...) Policía non me molesta (...) Me molestou dando as cartas (*de expulsión*), mais era traballo deles, entón non podo xulgar eles.

A totalidade da mostra expresa que viviu situacións de dificultade económica antes da súa entrada en prostitución ou TFES. Ademais, a maioría delas proveñen de países pobres e esperan mellorar a súa situación en España. Isto podemos velo nas seguintes testemuñas:

M1: En 2003 de novo me insistiron para que eu viñese (...) “Vai pa’ España vocé vai gañar moito diñeiro e en 6 meses vocé consegue o diñeiro da academia que vocé quere, unha casa e un carro”. Entón **nome da entrevistadora**, é unha ilusión tan grande que eles facen vocé pasar. E pensas que é tan fácil que vocé vai chegar alí e é unha cousa fácil, simple, e cando vocé chega aquí e vocé ve a realidade da situación...

M2: Nací en una familia humilde de 10 hermanos (...) antes de morir mi padre vivíamos bien...teníamos un coche en casa...tenía todo, pero después cuando se murió mi papá, vendió todo mi mamá...también, la ignorancia de ella...otro más listo, le sacó todo, entonces quedamos, pobres, pobres.

M3: Porque meu irmán ****, el tivo unha doenza (...) e aí foi onde foi o fracaso de meus pais. Tiveron que vender o que tiñan para coidar da enfermidade del. Era todo pago. Nesa época o goberno non axudaba a ninguén. Entón foi ao hospital pago, as pastillas todo pago, os medicamentos...todo pago. Entón foi que chagamos a onde chegamos. Aí meus pais venderon o que tiñan na cidade e fomos ao interior de...ao interior, nun pobo, non? (...) Aí deixei de estudar pa’ traballar na roza e pa’ coidar dos niños.

M4: Fue cuando llegué aquí. No tenía cómo mantenerme. No tenía dónde vivir, cómo comer...Entonces... yo estaba sin trabajo, no tenía trabajo entonces acabé teniendo que hacer. Pero siempre lo he hecho porque lo necesitaba. No porque me gustaba ni porque quería. Solo por necesidad. Mismo tenía que enviar dinero para mi casa para mis hijos, para mantener mi casa...y para...para vivir aquí. Pero fueron momentos muy malos.

M5: Puff...sí. Eh...yo me vine aquí a estudiar. El primer año me dieron la beca. El segundo que estaba aquí ya no. Eran discusiones constantes con mis padres porque como que habían invertido mucho dinero en mí y demás y bueno (...) Me vi en la mierda. Quería tirar pa’lante. Intenté buscar trabajo, pero no...o no aguantaba o no me cogían...y dije: “Mira...”. Vi un anuncio y llamé.

No que se refire ás problemáticas familiares ou violencia previa á entrada en prostitución ou TFES; tres das cinco mulleres (tanto vítimas de trata sexual como en situación de prostitución) narran vivencias deste tipo na infancia ou adolescencia:

M2: (...) mi padrastro sí, que le pegaba a mi mamá. (...) Con nosotros no, nunca, jamás.

M2: Yo me crié en un barrio de prostitución y de macarras. Entonces, toda la vida, lo que se vio en el barrio fue eso.

M2: No, el apoyo de mi familia nunca lo tuve. Emocional. No, nunca. Siempre fui sola.

M4: Hombre...yo no tuve buena infancia...no...solo tengo recuerdos muy malos de mi infancia...porque...eh...mi madre no gustaba de mí. (...) Entonces todo lo que mi hermano hacía de malo, cercaba que sería mi culpa y por eso yo siempre levaba *desaseito*, ella siempre me pegaba.

M4: Y las personas en mi país no creían en mí. Mi familia no gustaba de mí. Los errores que mi madre cometió o las cosas erradas que mi madre ha hecho. Mi familia no gustaba de mí, siempre fui la oveja negra de la familia.

M5: Cuando pasé al cole de los grandes sí que empezó a...ya no tengo tan buenos recuerdos (...) bueno sí que se metían...bueno...bastante conmigo y demás. No sé, siempre se metían mucho conmigo por...por el tema, yo no sé por qué, aparte mi familia también era como los raritos, apartados del pueblo. Entonces se metían mucho conmigo por cualquier cosa. O sea, por el nombre, por el físico, por todo...

Condicións durante o tempo en situación de TFES ou prostitución

Consumo de substancias

Das cinco entrevistadas, soamente unha delas (víctima de trata) declarou non consumir ningún tipo de substancias:

M2: No. Ni droga ni alcohol. Ni fumar. Nada. Nada de nada.

Aínda que cando se lle preguntou polo habitual en contextos de prostitución si dixo que o normal era facelo:

M2: La droga sí, ahora sí, en estos momentos. Todo lo que haya. (...) muchas mujeres dicen: “Si yo no me tomo ningún whiskey, yo no puedo arrimarme a ningún cliente”, “Si yo no esto...no puedo estar”.

M2: En la calle la mayoría que están...pobres...pa’ la droga. También en el club hay mucha droga y mucha...pero es diferente.

O resto das mulleres (M1, M3, M4 e M5) si declararon consumir substancias durante o tempo en prostitución ou TFES. Nos fragmentos seguintes podemos ver o habitual que era este uso de drogas:

M1: Porque eu me lembro cando eu entrei no club (...) moita xente usando coca, droga, esnifando, cheirando a coca, consumindo a coca.”

M3: Facía moita cousa...bebía, drogaba...bailaba, coñecía persoas diferentes.

Ademais estas mulleres tamén expresan cal era o principal motivo para elas consumir esas substancias:

M1: Eu só conseguía traballar se eu cheirase coca. E pola noite eu tomaba un litro de Ballantines, de whisky, entón eu tiña que esnifar e tomar whisky, 1L de whisky para conseguir traballar porque no meu consciente non conseguía. Entón xa estábame quedando loca, xa sabe. (...) porque a tentativa de me matar, eu estando aquí, eu tentei, e non foi unha nin dúas veces, fff, e máis coa propia coca porque tanto esnifar coca na época que esnifaba me dou...

M5: Y por ejemplo los clientes...para aguantar eso...Yo en ese momento no lo veía, pero por ejemplo cuando te llevan a despedidas de soltero que es...para aguantar lo que tienes que aguantar ahí...o sea o te metes o no...o sea te marchas de ahí corriendo, o sea una de dos.

Cando nas entrevistas xurdían as preguntas de como elas afrontaban as situacións complicadas ou desagradables no contexto de prostitución, estas eran as respostas que daban:

M3: Drogada ou bebida.

M4: Bebía. Bebía. Y ya llegó un momento que no solo beber yo sola (sin los clientes), sino pedir droga para mí, para poder aguantar la situación.

M5: Esto al principio pues lo anestusias con...pues eso, o metiéndote o con dinero.

Destaca tamén que este consumo non viña do pasado das mulleres, ningunha delas tiña un consumo abusivo de drogas antes da entrada en prostitución:

M1: Eu saín do Brasil e eu traballaba, facía Educación Física, tiña unha vida súper activa, eu non fumaba, eu non bebía, nunca había usado drogas. Nese club a min...a primeira vez que me acostei cun home eu tiven que usar droga porque eu, en si, eu non tiña coraxe, entón empecei a caer na coca, no alcol, mi madre, se eu non saíse diso, era o meu fin.

M3: Aprendín moita cousa na prostitución. Aprendín a me drogar, beber... (...) Aquí foi droga pesada, entendeu? Eu nunca coñecín cocaína. Coñecín aquí. A marihuana aló no Brasil...a maconha se coñece. Aquí eu vin coñecer a droga, aquí mesmo, non no Brasil, na España.

M4: Yo nunca había usado. Lo único que usé una vez en Brasil fue marihuana. Solo para probar, (...) La única que consumí en Brasil era alcohol, solo. Fuera de eso, nada. La experiencia que tuve fue aquí.

M5: Yo de hecho en la adolescencia nunca había probado ni un porro, o sea, nada. Bebía alcohol como cualquier chavalín.

Un elemento que cabe remarcar, pois atópase presente en tódolos discursos das mulleres en situación de prostitución, así como na literatura, é o de que o uso de substancias estaba incitado polos clientes, principalmente:

M3: Non me gustaba, mais alí eu tiña que facer pa' non perder o cliente. Eu tiña moito cliente bo que gustaba de quedar comigo, mais eu tiña que cheirar tamén. (...) Cocaína, porro, marihuana, o que chegase me daban. (...) Regalaban moitos homes. Amigos, clientes... (...) Só cando... só pa' traballar. Si me desen. (...) Non usaba a droga todo o día. (...) Mais só se me desen eu podo co cliente, entendeu? aí eu ulía. Aí se fose para min soa pa' usar, eu non.

M4: Marihuana, cocaína y... porros. La experiencia que tuve con eso. Yo era obligada a hacer, si no hacía los clientes no quedaban. (...) Alcohol, mucho, por los clientes. Hasta que llegó un punto en que yo bebía todos los días, ya no conseguía quedar sin beber. Hasta que decidí parar porque yo vi que estaba... tomando cuenta de mí. Hasta hoy que no bebo.

M5: Pero sí cuando empecé a trabajar, al principio no, pero después... (...) en el piso en el que estaba empezaba a ver cada vez más ambiente de empezar a meterse los fines de semana y eso. No acabé... creo que no acabé enganchada pero sí, o sea, te ayuda. Cuando vas a hacer una plaza y un cliente que... yo que sé... quiere pasar la noche contigo y todo eso... te tienes que meter.

Ao tratarse de substancias aditivas, algunhas delas acaban por verse envoltas no mundo das drogas:

M4: Porque tú dices: “Naaah, lo que da dinero es fiesta, entonces voy a hacer fiesta” y cuando tú te das cuenta ya estás viciada, ya estás metida en el mundo de las drogas y tú empiezas, no solo a consumir con clientes, sino a usar tu dinero para comprar, y ahí es donde está el peligro. Si tú compras la primera, tú vas a querer comprar la segunda, la tercera... y aumentando la dosis... Yo conocía a una chica que era brasileira y ella dice que cuando ella llegó aquí a España ella conoció a un hombre y se enamoró de ese hombre. Y por causa de él, ella se envolvió en el mundo de las drogas, y hoy ella está totalmente viciada. Totalmente viciada **levantando a voz**. Ella lo intenta, pero no consigue salir. Ella usa speed, coca, marihuana, todo, todo, todo.

Situacións de violencia experimentadas

Observamos vivencias de violencia experimentadas polas mulleres en situacións de TFES e prostitución. Todas as participantes da mostra alegaron ter sufrido violencia durante o tempo nestes contextos.

Un tema moi recorrente é a violencia que estas mulleres sufriron por parte das súas distintas parellas, tanto previas como posteriores á entrada en prostitución. Das cinco mulleres entrevistadas, as dúas vítimas de TFES e unha das tres en prostitución, mencionan episodios de violencia con ex-parellas.

M1: E coñecín a esa persoa e con 21 días (...) catei as cousas e fun vivir con el, no apartamento que el tiña, e vivín con el 5 meses, mais tamén foron 5 meses de inferno porque el non me facía tortura física, mais si psicolóxica, sabe? (...) Mi madre, que iso tamén acabou comigo... non sei que foi peor, se a prostitución ou o home e vivir con el, que eu pensaba que estaba salvando a miña vida e Nao, nao estaba salvando a miña vida **levantando a voz**, estábama fundindo máis aínda.

M3: Me casei... 16 pa' 17 anos. (...) Me casei con un home de 49 anos. (...) Casei para facer o gusto a meus pais. (...) Ele me pegou. Miña parella. (...) Aí meu padre mirou e eu estaba con ollo gordo e roxo e hematoma no corpo.

M3: (...) el me espancaba, me pegaba, e eu ficaba co hematoma no corpo, e nin miña familia nin meus fillos estaban aceptando iso.

M3: Meu parella que estaba comigo... e me marcou moito un día que el ía por gasolina e me...e me queimaba co coche, iso me marcou moito. Me queimou o meu corpo. Eu ten...iso me fai moito dano, só pensar. Que me estaba queimando...na miña agonía, na miña dor, e me marcou moito.

Aclarar que no caso concreto dunha delas (M2), vítima de trata, resulta complicado diferenciar entre parellas e proxenetas/tratantes porque ambos a explotaban sexualmente, pero como ela se refire a eles sempre como ex-parellas decidimos introducilos neste apartado:

M2: Y el papá de las niñas me apartó de mi familia. Entonces no tenía otra...mi familia no me podía decir nada, porque era él, el que mandaba.

M2: Con el otro marido sí. Por malos tratos. Por cosas que no quería hacer yo, que él quería.

M2: Solo al marido cuando ya no vivía con él. Peleamos y me quebró la pierna. Sí, esa fui a denunciar.

M2: El primero me metió, a la prostitución. El que me enseñó. Bueno primero, yo estaba embarazada de... Tenía 13 o...casi pa' 13. Y él no sé, no me acuerdo. Él tenía 20 y pico de años más que yo. (...) Y cuando se enteró que estaba embarazada empezó: "No ****, ¿cómo vas a tener un chico? Tan pequeña que sos". Y me empezó a poner inyecciones, tres inyecciones por día. (...) Él me iba, me buscaba, y yo salía, y así. Hasta que... aborté. Aborté en mi casa. Allí en la cama. Claro en la cama se me desang...entonces mi mamá me llevó al hospital y estuve ingresada un mes, porque perdí cantidad de sangre. Y el día que me dieron de alta él ya estaba esperándome. Y ya después de ahí, me fui pa' la casa de él, en ese mismo día. Y él ahí me empezó a enseñar cómo tenía yo que hacer pa' trabajar...Todo. Él me enseñó, a... yo y él, en cama...como yo tenía que hacer a los clientes, cómo yo tenía que tratar a los clientes, cómo les tenía que sacar el dinero. (...) Él, todo eso... estuve como 3-4 meses en casa de él. Sólo con él. Después ya fui al club.

M2: Cuando tenía... 14 por ahí, casi 15... antes de irme de mi provincia, me vendió mi primer marido (...) Y yo no quería no, no, no, no, no quería y me fui pa' mi casa. Me fui pa' mi casa y ahí... ya después vino él y como él era muy bueno con mi madre -el primer marido que te dije- bueno volví con él. Pero ahí fue la primera paliza que me dio, de mi vida.

M2: Porque pa' mi... yo el dinero se lo daba a él, todo. Anotaba todo lo que hacía, yo no disponía de dinero nunca. Si algo quería comprar, tenía que decírselo a él para ir a comprar. A la niña todo lo compraba él. Todo. Él hacía la compra. Todo. Yo no salía a comprar. No tenía dinero ninguno.

M2: (...) y yo estuve 4 meses en cama de la paliza que me dieron. El marido que tenía. El que me vendió. (...) Antes nosotras no podíamos mirar a otros hombres la cara, comíamos juntas las mujeres, no podíamos hablar... no teníamos... nosotros es como, éramos... ¿cómo se puede decir? Como una esclava. Para ellos. Nosotras teníamos que hacerles a los hombres, los maridos... teníamos que servirlos y... sin hablar con, con otros... si estaban en la mesa muchos hombres no podíamos levantar la cara. (...) Sí y en 4 meses no salí de casa. (...) Y con mi suegra que me iba a duchar, ¡claro porque yo era chica! Tendría 14 años. Y después que te pegaran, que te follaran... (como se dice acá) eso es muy... eso nadie se lo deseo ¿sabes?

Centrámonos agora na violencia que é, en si mesma, a situación de TFES e prostitución, vemos como elas mesmas o expresan:

M1: Eu madurecín moito aquí, mais eu madurecín moito con sufrimento, e o que eu pasei non o desexo a nadie, porque son secuelas, eu cheguei con 23 anos e teño 27, son secuelas que cando teña 60-70 anos iso vai comigo. (...) non compensa, que acaba cunha persoa, acaba coa personalidade, destrúe á persoa (...) na área da prostitución hai moitos malos tratos, entende?

M2: No es que lo eligiera libremente. Era lo que me pusieron en la cabeza que tenía que hacer. Claro. No es libremente. Con 13 años yo ¿qué iba a saber de la vida? Todas las chicas de mi colegio, del mismo grado... muy pocas no ejercieron la prostitución. En mi barrio era habitual.

M2: Mal. Lloraba con los hombres. Lloraba. (...) A veces, aunque estés mal, aunque vós estés con un cliente y tengas ganas de llorar... tenés que hacerlo lo más rápido pa' que... salga de ahí.

M2: Es que estar... tantas horas... eso muy pocas mujeres lo saben de ahora. Estar 1 mes, 2 meses, 3 meses metido en una casa sin salir... es duro.

M2: Mira, una vez conocí en León, la hermana, la trajo la hermana, virgen. Y la desvirgaron... eso es muy duro... la desvirgaron en el club.

M3: Quedar cerca dunha persoa horas e horas sen ti gustar. E na cama sacar a roupa cunha persoa que ti nin coñeces. Iso é moito doído. Doe moito.

M4: Y yo me sentía sucia, me sentía inmunda, muchas veces llegué a llorar porque no era aquilo lo que quería para mí, no era aquela situación lo que quería.

Nos seguintes fragmentos preséntanse as violencias vividas durante a situación de TFES ou prostitución, na que os vitimarios eran os proxenetas ou os propios tratantes. Tres das cinco entrevistadas (as dúas vítimas de TFES e unha muller en situación de prostitución) narran experiencias violentas con estes suxeitos:

M1: Mira, me quedei 15 días sen acostar con un home porque os homes chegaban en min, e eu só sabía chorar, chorar, chorar, chorar. Quería ir embora, quería ir embora, quería voltar para o meu país, mais non podía, non tiña como. E o dono do club unha vez me ameazou, tanto psicoloxicamente como fisicamente. Me agarrou pelos brazos e pela cabeza, pelo queixo e empezou a apertarme os brazos e meu gosto, e falou así para min: “Mira súa filla de puta, (eu nunca vou esquecer) *chora-cústalle seguir* filla de puta, ti ves de Brasil pasando fame. Pensas que estás aquí de vacacións? estás pensando que estás aquí de feira? Ti non estás aquí de feira, você ten unha débeda comigo.” E había máis chicas no piso e as chicas ficaron todas asustadas. Ningunha puido interferir, ningunha podía facer nada porque as outras tamén tiñan medo, entende? E me ameazou, dixo que se eu non pagase a débeda que eu tiña con el que mataría a miña familia no Brasil, que iría ao Brasil e descubriría a cada un da miña familia e que mataría. E que eu non intentase fuxir porque se eu tentase fuxir el me mataría, entende?

M2: Con los chulos siempre tenés que estar...obligada...bueno entonces yo también fui obligada porque...aunque no tenés ganas de ir a trabajar, tenés que ir a trabajar. (...) estuve obligada 20 y pico años de mi vida.

M2: Una vez me llevó a un sitio lejísimos, así apartao'. Y nos cerraban con candado. Nos tenían encerradas con candado. De día nos abrían, que trabajábamos. Y de noche cuando el dueño se iba, nos encerraba con candado.

M5: Violencia psicológica sobre todo en un piso que trabajé aquí en **** que la jefa te machaca psicológicamente, o sea te machaca, sales de ahí creyéndote que eres una mierda.

M5: La primera relación que tuve, por así decirlo, con un jefe. Que ni llegó a ser jefe ni nada. Fue en un piso. Fui a hacer una entrevista a ****. Y me acuerdo de un pasillo muy largo. Y nada...me recibió el señor de la casa, que trabajaba allí. Me acuerdo que me dijo: “Bueno te tengo que llevar a un sitio a hacer la entrevista” y no fue allí en el piso, fue en un apartamento allí en frente. Hay algo que me decía ahí que yo...no sé... como que estaba alerta pero no sé...tengo flashes de ese día...pero bueno, acabó ese señor follándome y yo en plan de: “Vale okey ¿qué está pasando?” o sea me quedé bloqueada. (...) Entonces eso fue

como...algo en mi cabeza, antes de todo eso, me decía: “Mira no empieces porque tal” pero pasó eso y ya fue como: “Ya estás en la mierda. Ya tiras pa'lante. Ya tomaste la decisión. Ya tiras pa'lante”.

Por último, a violencia máis asociada pola sociedade a estas mulleres, que é aquela experimentadas por parte dos clientes. Contamos con testemuñas das tres entrevistadas en situación de prostitución que falan de vivencias deste tipo:

M3: Só que ten os homes de pensar que é facer da maneira...que eles queren, non? que a xente quere. E alí...non é así. (...) De chamar ao home do club e dicir pa' baixar ao chico, que o chico quería cousas que a min non gustaría de facer.

M3: Foi así...un abuso, entendeu? De home...de chegar un home con tan pouca educación...y eles deixar sen negocio...entendeu? A veces ten chico bo e a veces ten chico malo. A veces ten chicos que están con mala hostia e queren descontar todo en ti. Xogar encima de ti.

M3: No piso tu colles risco: de ser morta, de facer dano en ti. (...) coidado con quen se fai unha saída. A xente arrisca a vida dende a habitación, dende o club. (...) para min o club non é un sitio seguro para ninguén.

M4: (...) con una chica que estábamos en un piso. Yo me desperté con ella gritando mucho, gritando. Yo llegué a la puerta de la habitación, eh...una cosa que no podría hacer porque si el hombre estuviese armado o alguna cosa podría ir contra mí. Pero...yo vi aquello y yo salí de la habitación y ella gritaba porque decía que él quería tener relaciones con ella a la fuerza. Ellos habían salido a cenar y él pagó todo, pero ella no quería tener relaciones con él. Ella dejó claro a él que no iba a tener relaciones, pero cuando llegó a la habitación, porque él pagó todo él quería a la fuerza...Y yo tuve que echarlo del piso, no sé cómo hice aquello, pero lo hice y lo eché del piso...

M4: Pero tenía otros que eran muy brutos, muy groseros, ¿sabes? Y tenía hombres que yo era obligada a estar con ellos, que olían mal o que...era asqueroso.

M4: Bueno...esta un caso que pasó conmigo en **** de un chico que llegó, que quería fiesta y...subió al piso y cuando llegó...Yo normalmente les decía que me pagaran antes, y él decía que no, que me iba a pagar después. Yo le dije que no, que si no me pagaba no había y al cabo que brincamos, tuvimos una discusión y yo lo eché del piso.

M5: Pues...nada que me hizo quedar con el cliente en un bar, luego fuimos a un hotel, y...yo era una criaja de 20 años y el tío ¿sabes? Era un señor alto que te...imponía ¿sabes? No le hizo falta darme una bofetada. Él estuvo toda la tarde conmigo, me llevó al hotel e hizo lo que quiso de mí. Yo luego claro, habían pasado tantas horas y pues le pedí el dinero correspondiente. Ya no miedo porque yo ganara o dejase de ganar, pensaba: “La bronca que me va a caer encima en el

piso porque no llevo el tal.” Eh...casi me tira del coche, me dijo que iba a llamar a la policía, me dio así 100€ como que tal y que no...bueno...que él tenía contactos y demás y que me callara la boca que yo solo era una puta. (...) ese tío volvió a aparecer por el piso una vez. Y me acuerdo que empecé a temblar y me escondí en la habitación (...) me acuerdo una vez que yo iba para el piso y llama al teléfono del trabajo y dice: “Qué guapa ibas hoy por la calle con el vestido blanco” ¿sabes? Eso se me quedó grabado. (...) luego cuando me cambie de piso (...) y apareció por ese piso. Y tuve que pasar con él y fue horrible, o sea, me trató bien, no me trató como la otra vez, pero fue horrible, la sensación que tuve con este hombre.

M5: Porque al final muchos clientes te tratan como si fueras...por mucho que por una parte te alaben, pues te tratan como si fueras, no sé, un coño con patas. Entonces...y aunque digas: “Me haces daño” o “Para” No...no paran. O a veces te callas porque dices: “Es que si le digo que me está lastimando o cualquier cosa no se corre nunca y no lo echo de encima”.

Estigma

Ao longo das entrevistas as mulleres falan do estigma asociado ao exercicio da prostitución. Nalgúns momentos de forma directa pero outras veces de forma máis indirecta. Todas elas falan, dunha maneira ou doutra, do estigma sufrido e percibido.

Testemuñas sobre o estigma social; como pensan elas que a sociedade as ve por exercer ou ter exercido a prostitución. Catro das cinco entrevistadas están de acordo con que non son aceptadas:

M2: Yo pienso que (...) es como que no se acepta la prostitución. No se acepta entonces la gente no la puede ver bien.

M3: Tiña una irmá que era jovencita e meus padres nunca aceptou ela coma prostituta e ela criaba os niños...Que meus pais non aceptaban prostitución. Miña irmá prostituíase...cada fillo dun padre. Entón meus pais non aceptaban.

M4: No...no...no somos bien ceitas (*aceptadas*). Las mujeres que trabajamos en prostitución no somos bien ceitas.

M5: Sí...a ver, por ejemplo, si tienes algún problema o cualquier cosa sabes que si vas a...en muchos sitios... si vas a la policía corres el riesgo de que se rían de ti ¿sabes?

A continuación algunhas das experiencias persoais relacionadas co estigma que estas mulleres tiveron ao longo das súas vidas:

M1: (...) nese club coñecín a unha persoa, un home, 11 anos máis ca min, policía, é un policía de aquí de España (...) E coñecín a esa persoa e con 21 días (...) catei as cousas e fun vivir con el, no apartamento que el tiña, e vivín con el 5 meses (...) tiña vergonza, de andar comigo...eu preguntaba el e me dicía que non, mais eu sentía, sabe? Eu creo que el tiña vergonza de estar comigo na calle e de que alguén me recoñecese, entende?

M3: Cando el (*parella*) asexo, fica mirando así eu xa penso que el está pensando cando é que vai pa' prostitución. Porque el me coñeceu nun club. Aí ele xa anda pensando da prostitución, dos cartos. Todo iso fica aquí na cabeza. Que a xente escoita moito, principalmente cando move, se toca "ai xa é un cliente teu". Nos discutimos moito. Entón el non confía en min. Aséxame aí as chamadas. Ele pensa que xa é un cliente...Non da certo.

M4: Me acuerdo cuando llegué una vez en **** fui a una tienda de lencería. Cuando llegué la señora me recibió muy bien y cuando yo hablé, sintió mi acento y...para ella una piedra tenía más valor que yo. Y salí de allí sin comprar y ella no me dio más atención. Porque creo que ella imaginó que, por ser migrante, que por no ser de aquí... trabajaría en eso. O por la manera que...no sé, no sé. Por el maquillaje, porque eso llama mucho la atención porque las mujeres de aquí no se maquillan como las chicas que trabajan ¿sabes? Creo que eso llama mucho la atención porque todas las que trabajan en la prostitución están siempre muy maquilladas. Con carmín oscuro, con los ojos bien pintados entonces yo creo que eso...diferencia...Fuera de esta situación...sí, llegaba a un sitio y claro que las personas miraban para nosotras diferente...pero fuera de eso no...no recuerdo.

M5: Ese piso bueno pues los vecinos ya sabían que ahí pues se movían chicas y tal, y tía, era salir a comprar o lo que sea y encontrarme a la vecina y ella llamándome puta ¿sabes? Por la calle. Joder.

M5: Estar con gente que no sabe tu situación y yo una amiga escuchar (en **** antes las chicas se ponían en ****, un barrio) y...no sé qué salió el comentario y yo (...) y salió como era invierno, y yo: "Pobrecicas que frío tienen que pasar" y ella: "Asquerosas, tal" y dices: "Mmm me voy a callar".

Deste estigma social é importante destacar a testemuña dunha das entrevistadas que fala do "*doble rasero*" que existe na sociedade á hora de xulgar a unha muller en situación de prostitución:

M5: Por una parte sí, se nos ve como que incluso somos lo... no sé, las causantes...bueno que sí, como que estamos apartadas de la sociedad. Pero luego por otra parte, hasta hace poco, yo no sé si lo has visto tú, que están como romantizando pues por ejemplo el tema de las Sugar Babies y los Sugar Daddies, que al final eso es prostitución. O sea, eso por una parte te lo romantizan, hasta se normaliza, cuántas veces he visto yo memes de: "Ay no...necesito un Sugar

Daddy”. Entonces por una parte la...como por así decirlo...la prostitución de sobrevivir de: “Tengo que pagar las facturas, hago esto y tal” está como: “Mira qué asco” y luego por otra parte tienes esa otra parte que te lo romantizan, lo del lujo, lo de vivir tal, y eso no está como tan mal visto. No sé. Es lo que intuyo yo.

Es que por una parte es como que te valoran el rollo de ser mujer independiente, empoderada... “Mira a esa tía que va con su bolso caro, bien vestida y todo el rollo” y eso está muy bien ¿no? Pero, de donde saca ese dinero es como...eso no nos interesa saberlo y si lo sabemos es como... “Ay mira que...” No sé, hay como un doble rasero muy muy muy grande en esto. Pero sin embargo la chica que está, yo que sé, que hace mamadas por 30€ en el coche ¿sabes? es como que vale menos que la otra que es una mujer empoderada. No sé, es asqueroso al final por una parte porque... Yo lo he hecho todo. Yo he estado desde hacer mamadas en coches hasta ¿sabes? estar en un puto yate acompañando a un viejo y... la sensación es la misma. No eres empoderada ni en una situación ni en la otra. Siempre hay alguien que te está controlando por algo...

Con todo o vivido, as mulleres acaban por estigmatizarse a si mesmas por estar en situación de prostitución:

M2: Como persona no se puede vivir dignamente. No sé cómo explicarte. Interiormente. No vivís. No vivís porque siempre querés aparentar y sabés que siempre estás sucia. En mi caso. Ahora yo ando por la calle y estoy tranquila, si tengo que...estoy bien, pero antes cuando trabajaba no. Estoy dignamente. Es como que no...eso no es vivir.

M3: Ai! que estaba no pecado, no adulterio. (...) Para min era moita cousa eu... mi andar alí na prostitución. (...) No...eu abandonei a prostitución eh...despois que estou no Vagalume. Que así xa non me estou sentindo vergoñeza....de estar no ambiente.

M3: Ti podes vivir nun bo piso, ten unha boa comida, se ti ten cartos para gastar....mais só que ti non ten...a mente boa, a mente tranquila, o corazón tranquilo. (...) Pares que é un diñeiro que ti non (...) É un diñeiro que ti non das valor.

M5: Lo peor de esto yo creo que es que la final te acabas creyendo que eres una mierda. Lo que te dicen, lo que machacan... Pues te acabas creyendo que eres una mierda y que no mereces más.(...) Esto te afecta. Te hace... Si ya tienes la autoestima tocada y demás te acaba...te acaba machacando.

Este estigma tanto público como persoal, xunto coas condicións de prostitución causan nas mulleres, entre outras cousas, sentimentos de soidade que algunhas delas expresan nas entrevistas:

M1: E eu estaba alí porque non tiña a onde ir, eu non sabía en que me apoiar, en quen me apoiar, entende? Entón eu pensaba comigo, se eu non estou aquí, para onde vou? Para calle? Eu non coñezo nada, non coñezo ninguén, non teño apoio de nada, non teño apoios de ninguén.

M2: Antes nadie me apoyaba, nadie me...como si nadie me tenía en cuenta y aquí (*Vagalume*) siento que me tienen en cuenta a mí.

As mulleres nestes contextos, para combater o malestar derivado do estigma, acoden a diferentes estratexias que se ven manifestadas nos seus relatos. Por exemplo, á ocultación:

M2: Antes (*en prostitución*) tenía miedo de que si me van a preguntar mi vida. (...) Ahora saludo a la gente, cuando voy al trabajo estoy más...con la señora...estoy más habladora...antes no quería que nadie se metiera en mi vida...que nadie...

M4: No. Nadie supo. (...) ella no sabe nada de esta historia que yo viví aquí, ¿sabes? Solo mi hija sabe, a ella le conté lo que pasé aquí, lo que hacía. Estaba borracha *haha* estaba borracha entonces le conté a ella.

M5: No. Sabe solo mi hermana. Me acuerdo una vez que una amiga mía del pueblo (...) pues se enteró. Y me sentí super vulnerable.

Tamén algo moi habitual á hora de afrontar o estigma en prostitución é a técnica da separación entre o ‘eu persoal’ e o ‘eu laboral’ que podemos observar nos seguinte fragmento:

M2: Porque yo soy dos personas. Porque soy la del club y la ama de casa. (...) pero después cuando ya salgo del club soy otra persona. Entonces eso es lo que no me llega a...a estar...pienso yo eh...tan mal. (...) como yo te dije en el club soy una y afuera soy totalmente otra.

Destacamos que tódalas mulleres entrevistadas expuxeron que as súas expectativas de mellorar a súa situación non se materializaron finalmente. E algunhas delas fan recomendacións dirixidas a outras mulleres de que non entren nesa situación ou, se xa están, que tenten saír dela:

M1: (...) que aquí você non vaia pensar que vai conseguir ríos e ríos de diñeiro, porque a realidade é totalmente o contrario. Você cando está fora, eu cando vivía en Brasil, eses donos de clubes, eles queren mulleres novas, muller bonita, muller que chame a atención, entón prometen o ceo e a terra, dicindo que aquí significa iso que você vai gañar moito diñeiro, e a realidade é totalmente distinta. (...) e se

eu puidese voltar atrás, Xamais, sabe? Eu cometería o que eu cometín de vir para acá e me envolver coa prostitución e esas cousas.

M1: Que podó dicir...que non tome esa actitude, porque é unha cousa que non vale a pena, unha cousa que non compensa, que acaba cunha persoa, acaba coa personalidade, destrúe á persoa, e que elas non pensen que cando elas chegan aquí elas van gañar ríos e ríos de diñeiro porque cada ano que pasa, as cousas empeoran, soamente na área da prostitución hai moitos malos tratos, entende? E que elas non pensen que cando elas chegan aquí van haber ríos e ríos de diñeiro porque a realidade é outra e que se eu fose elas tentaba traballar no proio país que vive, entende? Era iso que...

M2: Pero hay veces que...lo que me pasaba a mí, yo digo: “Necesito tanto” y voy al club...y vuelvo sin un duro...y no merece la pena. (...) Pusimos un club en ****, y pensaba que lo iba a dejar. Y yo decía que hasta los 28 años y ya no más. Pero por la maldita droga...porque él se gastó...puso el club pero se gastó todo el dinero y tuvo que cerrar. (...) Porque si no en este momento tendría un montón de dinero. (...) No me compensa perder un montón de horas por la noche, al otro día no poder llevar los hijos al colegio. Para no ganar dinero, no. (...) Hay otra manera de vivir. Que antes yo no la sabía que había otra manera de vivir. Pero no.

M3: (...) que pasou? Que a vida financeira da xente non é aquí o que a xente pensa. (...) Pasando dificultades...iso fica moito triste. (...) Ai! eu sempre digo...que...para as miñas amigas (...) que o corpo da xente é tan precioso para a xente ficar esa locura con...ambición de diñeiro. (...) Eu digo pas miñas amigas: “Deixa a prostitución. Que na prostitución ti só aprendes cousas que...facen ser...nunca deixar de deixalo”.

M4: Hombre...que...yo sé que pasamos por momentos difíciles, de mucha necesidad. Mas nada de eso vale la pena, ¿sabe? Que no vale la pena sentirse obligada a acostarse con hombres asquerosos, hombres malos ¿sabe? No, no hay dinero que consiga...que pague el sacrificio de estar en esto.

M4: No...no vale la pena, dinero que...es...es mucho dinero Sí. Sí ganas mucho dinero. No te voy a decir que no. Sí ganas mucho dinero. Pero de la misma manera que tú lo ganas, lo pierdes. Porque...es como si fuera un dinero maldito, ¿sabe? Que llega a tus manos y cuando tú te das cuenta el dinero se acabó y tú no tienes nada. Hoy, con el trabajo que tengo hoy, yo consigo lograr más de lo que lograba cuando trabajaba con prostitución. Hoy yo consigo guardar dinero. Consigo todo lo que gano. Es totalmente inferior a lo que ganaba.

M5: Pero ahora, es...en sí, es como que ya te das cuenta que es algo que no...no te lleva a ningún lado.

DISCUSIÓN E CONCLUSIÓNS

Os resultados obtidos tenden a indicar que as situacións das mulleres vítimas de trata e das mulleres en prostitución presentan moitas similitudes, tanto con respecto á súa situación previa, como ás condicións e factores asociados ao exercicio da súa actividade.

No que fai referencia aos datos sociodemográficos, e coincidindo cos resultados de traballos previos (García et al., 2011; Pinedo e López, 2015; Rubio, 2012; Sánchez, 2015), atopamos que case a totalidade da mostra (80%), tanto vítimas de TFES como mulleres en situación de prostitución, comparten a procedencia ou orixe estranxeira (máis concretamente de países pobres), e algunhas delas estiveron ou continúan en situación irregular en España.

Tamén se observa que tódalas entrevistadas (xa sexan vítimas de trata ou non) falan dos problemas económicos antes da entrada no comercio prostitucional, e sinalan estas dificultades como o principal motivo para entrar e/ou manterse en situación de prostitución. Este resultado coincide cos obtidos noutros traballos previos (Lamas, 2014; Rubio, 2012; UNODC, 2020).

Castellanos et al. (2013), chegan á conclusión de que a explotación sexual e a prostitución forman parte dun continuo de violencia que funde as súas raíces nas desigualdades estruturais de xénero, que coloca ás mulleres nunha situación de vulnerabilidade superior á experimentada polos varóns, a cal aumenta nas rexións máis pobres do planeta. Isto determina que as mulleres procedentes de países subdesenvolvidos, nun intento de mellorar as súas vidas, se vexan expostas con maior facilidade a situacións de trata e prostitución. Lonxe de conseguir alcanzar as súas

expectativas, este sistema aínda as funde máis no rexeitamento e exclusión social, facendo pouco probable que esa vida posterior se materialice nunca (Blithe e Wolfe, 2017).

No referente ás violencias experimentadas por estas mulleres, cabe destacar que esta pode ser ben a ‘orixe’ da entrada na situación de prostitución pero tamén é o escenario para a mesma (Cavalcante e Ferreira, 2012). Con todo, a importancia que ten estudar a violencia que sofren estas mulleres débese principalmente ás consecuencias derivadas desta (Chang e Weng, 2015). O feito de que estes actos sexan realizados a cambio de diñeiro non mitiga nin diminúe de maneira algunha o inmenso dano físico, psicolóxico e social inflixido (APRAMP, 2005).

Coincidindo cos resultados da literatura previa (Sadati et al., 2019), a maioría das mulleres entrevistadas declaran ter vivido violencias antes da entrada no comercio prostitucional. Algunhas posúen malas experiencias na súa infancia ou adolescencia e outras máis adiante, normalmente por parte de parellas ou ex-parellas.

No que respecta ás condicións durante o exercicio da prostitución, os relatos tamén poñen de manifesto máis coincidencias que diferencias entre as mulleres vítimas de trata sexual e as que non o son.

Catro das cinco mulleres entrevistadas declaran ter consumido alcol ou outras drogas cando se atopaban en situación de prostitución ou trata. Os traballos de Ceballos et al. (2013), Lancaster et al. (2018), Meneses (2020) e Van Nunen et al. (2014) tamén concluían que o comercio sexual e o uso de drogas son dúas condutas fortemente relacionadas.

Van Nunen et al. (2014) e Blanco et al. (2020) indican que o motivo principal para o consumo destas mulleres é que os efectos das drogas facilitan o exercicio da prostitución e axudan a afrontar reaccións negativas como estrés, ansiedade ou depresión derivadas do mesmo. As testemuñas das mulleres entrevistadas neste traballo coinciden, dado que practicamente todas alegan ser incapaces de afrontar a propia situación de prostitución/TFES sen usar drogas, mentres que ningunha era consumidora antes de entrar en prostitución.

Nos resultados deste traballo sinálase que en moitos casos o uso de drogas é incitado ou incluso imposto polos clientes, as mulleres sentían a obriga de consumir

porque de non facelo, perderían aos clientes. Este dato que coincide cos obtidos nos traballos de outros autores (Calero, 2017; Meneses, 2020).

O uso das distintas substancias tiña unha motivación instrumental (Calero, 2017) para aquelas mulleres cuxa entrada en prostitución foi unha ‘elección’ condicionada polas escasas alternativas de emprego, nun país que non era o seu e coa necesidade de enviar cartos á súa familia; unha especie de ‘automedicación’ para combater o estigma e realizar prácticas sexuais non desexadas (Meneses, 2020).

A violencia sufrida durante a situación de prostitución, habitualmente exercida por proxenetas e tratantes ou ben polos propios clientes, é vivida por case tódalas mulleres nestes contextos (Cavalcante e Ferreira, 2012; Monto, 2014; Sadati et al., 2019). E, efectivamente, temos testemuñas de tódalas entrevistadas sobre este tipo de experiencias, como se pode ver nos resultados obtidos.

Con respecto ao estigma, as investigacións previas indicaban que o estigma asociado ao exercicio da prostitución é habitual, e maior ao sufrido noutros contextos (Benoit et al., 2015; Macaya, 2016). Nos resultados deste traballo obsérvase que, en efecto, todas as mulleres entrevistadas senten que este existe. Catro das cinco mulleres perciben que non son aceptadas pola sociedade. E o 60% da mostra expresan un estigma persoal que as leva a sentirse mal con elas mesmas. Tamén se aprecia nos resultados a estratexia mencionada por Blithe e Wolfe (2017) de separación entre a persoa e o traballo, para evitar a perda de autoestima que se derivaría de definirse como persoas pola realización dunha actividade que é socialmente moi mal valorada.

Existe a crenza estendida de que a prostitución é unha elección libre, sen recoñecer as innumerables formas e razóns que poden levar a unha muller a ingresar forzosamente en prostitución (Blakey e Gunn, 2018). Comprender que a prostitución é un fenómeno social e non un asunto individual lograría cambiar os contidos valorativos que se atribúen á estigmatización destas persoas (Mogollón et al., 2016).

Por último, destacar que aínda que o principal motivo de entrada no mundo da prostitución, no que se viven experiencias tan terribles como as que se recollen nas entrevistas, adoita ser a carencia de recursos económicos, a probabilidade de poder alcanzar unha mellor vida é moi baixa (Blakey e Gunn, 2018; Blithe e Wolfe, 2017). Tódalas mulleres conclúen que as súas expectativas de mellora non se chegaron a cumprir

nunca, nin sequera economicamente. Nalgúns casos, especialmente os das vítimas de trata, porque elas non manexan as ganancias que obteñen; pero tamén, en tódolos casos, polos costes asociados ao consumo, e ao sufrimento físico e social causado pola violencia e o estigma que padecen.

Como conclusión, cabería sinalar que con respecto ao consumo de drogas, á violencia experimentada e ao estigma percibido, tanto as mulleres que foron vítimas de TFES como aquelas que exercen a prostitución sen ser vítimas de trata comparten vivencias semellantes con respecto ás variables analizadas neste traballo.

Limitacións e directrices futuras

Debido ás dificultades para acceder ás mulleres nesta situación, a mostra utilizada neste estudo é pequena. Polo tanto, non recolle todas as circunstancias que conflúen na poboación xeral de mulleres vítimas de trata e mulleres en prostitución.

Por outra parte, o feito de que se utilicen neste traballo algunhas entrevistas non xeradas especificamente para a realización do mesmo supón que existan algunhas diferenzas entre os datos dispoñibles para o conxunto das mulleres que forman a mostra.

Neste sentido, aínda que nas entrevistas realizadas especificamente para este estudo se incluíron máis preguntas daqueles aspectos que constituían as variables centrais do mesmo, tamén é certo que o descoñecemento, por parte das entrevistadas, da entrevistadora dificultou a apertura das participantes, e isto acurtou considerablemente as entrevistas ao non sentirse de todo confiadas para dar testemuñas longas sobre as súas vivencias.

En futuros traballos sería interesante poder ter acceso a unha mostra máis ampla, na que houbera maior variabilidade nas características e condicións das participantes.

Tamén sería preciso incluír máis variables na investigación, como por exemplo, preguntas sobre as redes de apoio das participantes e de como estas afectan á situación na que se atopan.

Estudar cales son os efectos psicolóxicos da situación en prostitución ou da trata sexual nestas mulleres, tanto durante o seu exercicio como posterior ao abandono da mesma.

Tamén podería ser de interese analizar tódolos factores nos contextos de socialización (familia, escola, relacións de parella...) que poidan xogar un papel importante na entrada no comercio prostitucional. Así como os factores (psicosociais, socioeconómicos...) que favorecen o abandono desta situación.

Propostas de aplicación dos resultados na planificación de intervencións

Como punto xeral de partida, e tendo en conta as vivencias que sofren estas mulleres, deberíase incorporar plenamente a perspectiva de Xénero e de Dereitos Humanos en tódolos ámbitos de actuación tanto coas persoas vítimas de trata con fins de explotación sexual como coas mulleres en situación de prostitución, debida a condicionantes de pobreza e/ou violencia previa.

Co coñecemento de que a principal causa da entrada en situación de TFES ou prostitución é a necesidade económica, as estratexias preventivas deberían incluír programas específicos de formación e inserción laboral. Este tipo de estratexias necesitarían formar parte de tódalas intervencións coas mulleres que abandonan as situacións de prostitución.

Creación de programas de prevención contra a trata e prostitución que centren a súa intervención nos países emisores de mulleres. Isto é, debería haber unha información verídica e real do que lles pode ocorrer ás mulleres deses países se emprenden un proxecto migratorio. En moitas ocasións non se conta todo o que se tivo pasado no proceso migratorio por vergonza e ocultación. Consistiría en levar información de volta para os seus países de orixe sobre a realidade de vir aos países receptores.

Intervención psicolóxica individual coas vítimas para tratar a sintomatoloxía derivada da experiencia no comercio prostitucional. Algúns exemplos son: síntomas depresivos, ansiosos ou sentimentos de culpa e vergoña debidos a unha auto-responsabilización da entrada en prostitución.

Programas psicoeducativos grupais que traten a autoestima e o autoconceito con actividades co resto das compañeiras dirixidas pola psicóloga coordinadora. Evitar, deste xeito, que o estigma da prostitución afecte a como se ven a elas mesmas e a como se valoran como persoas.

Programas de intervención que traten a asertividade, autocoidado e autodefensa para evitar, na medida do posible, que poidan volver a sufrir violencias de calquera tipo.

Talleres e sesións individuais nos que se traballe sobre a modificación de esquemas desadaptativos, que en ocasións implican unha maior probabilidade de volver sufrir situacións violentas. Levar a cabo reestruturación cognitiva e psicoeducación para reverter estes esquemas.

Intervencións grupais nas que se aborden as cuestións de adaptación social e persoal despois do tempo no comercio prostitucional; no que os ritmos de vida que levaron as mulleres foron moi diferentes aos do resto da poboación.

Obradoiros grupais de distintas temáticas que permitan, á vez que adquirir coñecementos, a creación dunha rede de apoio entre as persoas asistentes e así diminuír a súa soidade experimentada. Entre eles: talleres de non-normalización da violencia experimentada, tanto a pasada como a presente e programas onde se visibilicen as experiencias positivas de mulleres que conseguiron saír do contexto e refacer as súas vidas como elas quixeron.

Crear, nas asociacións correspondentes, un equipo psicolóxico especializado en adiccións para axudar a aquelas mulleres a saír do bucle no que se atopan: entran nese contexto por unha situación de vulnerabilidade, consumen para soportar a explotación pero este consumo pode facer que se vexan máis inmersas no comercio prostitucional; aumentando así a súa vulnerabilidade e facendo máis complicada a saída do mesmo.

Aumentar o investimento nos programas de sensibilización e concienciación cara a sociedade, o que axudaría a diminuír o estigma que se ten cara estas mulleres. Onde se visibilice a figura do demandante como mantedor das situacións de vulnerabilidade destas mulleres, así como do tratante ou proxeneta. É importante que non haxa mensaxes contraditorias, polo tanto non podemos permitir que dende os medios de comunicación se fomenten mensaxes estigmatizantes ou equivocadas dos contextos de prostitución. Cabería tamén comezar esta sensibilización na adolescencia, co descubrimento da sexualidade, con programas educativos de igualdade e sexualidade e que permitan educar ás novas xeracións no rol que xogan os demandantes á hora de manter estas problemáticas.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Alecrín (2006). *Informe prostitución en Lugo*. Lugo: Concello de Lugo, Concellería de Muller e Servizos Sociais. Recuperado de https://www.academia.edu/25984232/Informe_Prostituci%C3%B3n_Lugo

Añón-Loureiro, L. (2020). *Narrativas y redes de apoyo social de mujeres supervivientes del sistema prostitucional: de las ausencias a las emergencias desde el feminismo y la interseccionalidad* (Tese Doutoral). Galicia: Universidade da Coruña. Recuperado de <https://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/26628>

Asociación para la Prevención, Reinserción y Atención a la Mujer Prostituída (APRAMP) (2005). *La prostitución: claves básicas para reflexionar sobre un problema*. Recuperado de <https://apramp.org/download/la-prostitucion-claves-para-reflexionar-sobre-un-problema/>

Asociación para la Prevención, Reinserción y Atención a la Mujer Prostituída (APRAMP) (2015). *Guía de intervención con víctimas de trata para ayuntamientos y trabajadores/as sociales*. Recuperado de <https://apramp.org/download/guia-de-intervencion-con-victimas-de-trata-para-ayuntamientos-y-trabajadoras-sociales/>

Benoit, C., Jansson, S. M., Smith, M. e Flagg, J. (2017). Prostitution stigma and its effect on the working conditions, personal lives, and health of sex workers. *The Journal of Sex Research*, 55(4-5), 457-471. doi: <http://dx.doi.org/10.1080/00224499.2017.1393652>

- Benoit, C., McCarthy, B. e Jansson, M. (2015). Stigma, sex work, and substance use: A comparative analysis. *Sociology of Health & Illness*, 37(3), 437-451. doi: <http://dx.doi.org/10.1111/1467-9566.12201>
- Blakey, J. M. e Gunn, A. (2018). The “ickiness factor”: Stigma as a barrier to exiting prostitution. *Journal of Offender Rehabilitation*, 57(8), 538-561. doi: <http://dx.doi.org/10.1080/10509674.2018.1549177>
- Blanco Álvarez, T. M., Corea Torres, K. e Rodríguez Valerio, O. (2020). Consumo de sustancias psicoactivas como estrategia de afrontamiento en mujeres trabajadoras sexuales de la asociación La Sala, Costa Rica. *Revista de Ciencias Sociales*, (168), 145-166. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7587897>
- Blithe, S. J. e Wolfe, A. W. (2017). Work–life management in legal prostitution: Stigma and lockdown in Nevada’s brothels. *Human Relations*, 70(6), 725-750. doi: <http://dx.doi.org/10.1177/0018726716674262>
- Calero Mataix, C. (2017). Consum de drogues en dones víctimes d’exploració sexual. *Anuari De Psicologia De La Societat Valenciana De Psicologia*, 18(1), 143-159. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=6306612>
- Castellanos Torres, E. e Ranea Triviño, B. (2013). *Investigación sobre la prostitución y trata de mujeres*. Madrid: Asociación de Promoción de Servicios Sociales (APROSERS), Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Recuperado de https://fundadeps.org/wp-content/uploads/eps_media/recursos/documentos/629/Investigacion%20sobre%20prostitucion%20y%20trata%20de%20mujeres%20APROSERS.pdf
- Castellanos Torres, E. e Ranea Triviño, B. (2014). La perspectiva de género y de los derechos humanos en el análisis de la prostitución y la trata de mujeres con fines de explotación sexual. Una aproximación desde la voz de las propias mujeres. *Dilemata*, 16, 161-179. Recuperado de <https://www.dilemata.net/revista/index.php/dilemata/article/view/333>
- Cavalcante Carvalho Moreira, I. C. e Ferreira de Souza Monteiro, C. (2012). The violence in everyday of prostitution of women: Invisibility and ambiguities. *Revista*

Latino-Americana De Enfermagem, 20(5), 954-960. doi:
<http://dx.doi.org/10.1590/S0104-11692012000500018>

Ceballos Ospino, G. A. , Arévalo Hoyos, C., Hernández Bolaño, G. e Suárez Colorado, Y. (2013). Autoestima, depresión, consumo de alcohol y cigarrillo en mujeres que ejercen la prostitución en las ciudades de Santa Marta y Riohacha (Colombia). *Encuentros*, 11(1), 41-53. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=4805306>

Chang, H. e Weng, Y. (2015). Working in the dark: A look at the violence risk of the street prostitution service. *Journal of Social Service Research*, 41(4), 545-555. doi: <http://dx.doi.org/10.1080/01488376.2015.1038415>

Chejter, S. (2016). La prostitución: debates políticos y éticos. *Nueva sociedad*, (265), 58-76. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5685146>

Cock, M. (2013). *Directrices para la detección de víctimas de trata en Europa*. Recuperado de http://www.renate-europe.net/wp-content/uploads/2013/12/2014.11_identification_1_GUIDELINES.pdf

Cortes Generales (2007). *Informe ponencia: La prostitución*. Congreso de los Diputados. Madrid: Gobierno de España.

Flick, U. (2015). *El diseño de investigación cualitativa*. Madrid: Morata. Recuperado de <https://dpp2017blog.files.wordpress.com/2017/08/disec3b1o-de-la-investigac3b3n-cualitativa.pdf>

García Cuesta, S., López Sala, A. M., Hernández Corrochano, E., e Mena Martínez, L. (2011). *Poblaciones-Mercancía tráfico y trata de mujeres en España*. Madrid: Instituto de la Mujer, Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad.

Gobierno de España (2011). *Protocolo marco de protección de las víctimas de trata de seres humanos*. Recuperado de <http://www.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/ca/otrasFormas/trata/normativaProtocolo/marco/docs/protocoloTrata.pdf>

Goffman, E. (1963). *Stigma: Notes on the Social Organization of Spoiled Identity*. Simon and Schuster. Recuperado de <https://books.google.es/books?hl=es&lr=&id=zuMFXuTMAqAC&oi=fnd&pg=>

[PA1&dq=Stigma:+Notes+on+the+Social+Organization+of+Spoiled+Identity&ots=RaXsJmaGLj&sig=vFW1wmnrecmci5ZIA8mYgomyhNo#v=onepage&q=Stigma%3A%20Notes%20on%20the%20Social%20Organization%20of%20Spoiled%20Identity&f=false](https://doi.org/10.2105/AJPH.2009.173229)

Hossain, M., Zimmerman, C., Abas, M., Light, M. e Watts, C. (2010). The relationship of trauma to mental disorders among trafficked and sexually exploited girls and women. *American Journal of Public Health*, 100(12), 2442-2449. doi: 10.2105/AJPH.2009.173229

Lamas, M. (2014). ¿Prostitucion, trabajo o trata?: Por un debate sin prejuicios. *Debate Feminista*, (50), 160-186. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5075350>

Lancaster, K. E., MacLean, S. A., Lungu, T., Mmodzi, P., Hosseinipour, M. C., Hershov, R. B., Powers, K. A., Pence, B. W., Hoffman, I. F., Miller, W. C. e Go, V. F. (2018). Socioecological Factors Related to Hazardous Alcohol use Among Female Sex Workers in Lilongwe, Malawi: A Mixed Methods Study. *Substance Use & Misuse*, 53(5), 782-791. doi: 10.1080/10826084.2017.1365088.

Lei galega 11/2007, de 27 de julio, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Diario Oficial de Galicia, 152, de 7 de agosto de 2007. Boletín Oficial del Estado, 226, de 20 de setembro de 2007.

Ley Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos dixitales. Boletín Oficial del Estado, 294, de 6 de decembro de 2018.

Ley Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, del Código Penal. De los delitos relativos a la prostitución y a la explotación sexual y corrupción de menores. Boletín Oficial del Estado, 281, de 24 de novembro de 1995.

Lucas Pérez, J. M. (2017). El debate actual sobre la prostitución en España y el papel del trabajo social al respecto. *ReiDoCrea: Revista Electrónica De Investigación Y Docencia Creativa*, (6), 74-79. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7200792>

- Macaya Andrés, L. (2016). Treball sexual i estigma de puta: pensant en acompanyaments empoderadors. *Revista de Treball Social*, (208), 104-118. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5996894>
- Majuelos Martínez, F. (2014). Trabajadoras sexuales africanas, entre el estigma y la crisis. *Gazeta de Antropología*, 30(2). Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=6956365>
- Martínez Cano, M. (2020). Violencias hacia las personas que ejercen la prostitución en la región de Murcia. *RELIES: Revista Del Laboratorio Iberoamericano Para El Estudio Sociohistórico De Las Sexualidades*, (4), 227-251. doi: <https://doi.org/10.46661/relies.5062>
- Meneses Falcón, C. (2020). La tríada adictiva: consumo de cocaína, alcohol y sexo. *Revista española de drogodependencias*, 45(1), 26-35. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7350862>
- Meneses Falcón, C. (Coord), Uroz Olivares, J., Rúa Vieites, A., Gortázar Rotaache, C., e Castaño Reyero, M. J. (2015). *Apoyando a las Víctimas de Trata. Las necesidades de las mujeres víctimas de trata con fines de explotación sexual desde la perspectiva de las entidades especializadas y profesionales involucrados. Propuesta para la sensibilización contra la trata*. Madrid: Delegación del Gobierno para la Violencia de Género, Ministerio de Sanidad Servicios Sociales e Igualdad. Recuperado de https://violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/estudios/investigacion/es/2015/estudio/Apoyando_Victimas_Trata.htm
- Mogollón Moreno, E., Suárez Álvarez, F. R., Rodríguez Lameda, M. A. e Fernández, H. M. (2016). El Estigma de la Prostitución y los Derechos Humanos. *Revista Venezolana de Estudios de la Mujer*, 21(47), 102-113. Recuperado de http://saber.ucv.ve/ojs/index.php/rev_vem/article/view/11917
- Monto, M. A. (2014). Prostitution, sex work, and violence: Lessons from the cambodian context. *Studies in Gender and Sexuality*, 15(1), 73-84. doi: <http://dx.doi.org/10.1080/15240657.2014.877733>

Naciones Unidas (2000). *Protocolo para prevenir, reprimir y sancionar la trata de personas, especialmente mujeres y niños, que complementa la convención de las Naciones Unidas contra la Delincuencia Organizada Transnacional*. Palermo.

Naciones Unidas, Oficina contra la Droga y el Delito (UNODC) (2018). *Global Report on Trafficking in Persons*. Vienna.

Naciones Unidas, Oficina contra la Droga y el Delito (UNODC) (2020). *Global Report on Trafficking in Persons*. Vienna.

Nowotny, K. M., Cepeda, A., Perdue, T., Negi, N. e Valdez, A. (2017). Risk environments and substance use among Mexican female sex work on the US–Mexico border. *Journal of Drug Issues*, 47(4), 528-542. doi: <https://doi.org/10.1177/0022042616678609>

Organización Internacional del Trabajo (ILO-OIT) (2012). *Global Estimate of Forced Labour: results and methodology. Special Action Programme to Combat Forced Labour (SAP-FL)*. Geneva. Recuperado de https://www.ilo.org/wcmsp5/groups/public/---ed_norm/---declaration/documents/publication/wcms_182004.pdf

Ostrovski, N. V., Prince, M. J.; Zimmerman, C., Hotineanu, M. A., Gorceag, L. T., Flach, C. e Abas, M. A. (2011). Women in post-trafficking services in Moldova: diagnostic interviews over two time periods to assess women's mental health. *BMC PublicHealth*, 11, 1-9. doi: <https://doi.org/10.1186/1471-2458-11-232>

Pallarés Ameneiro, L. (2019). Violencia, prostitución y reconstrucción de identidades. *SÉMATA: Ciencias Sociais E Humanidades*, (31), 149-168. doi: <http://dx.doi.org/10.15304/sm.31.5982>

Pérez Freire, S. (2013). *Informe: Estudio exploratorio da trata de persoas en Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Recuperado de <http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/informe-estudio-exploratorio-da-trata-de-persoas-en-galicia.pdf>

Pinedo González, R. e López Sánchez, F. (2015). Soledad social y emocional, factores de riesgo asociados en personas que ejercen la prostitución. *Apuntes de Psicología*,

- 33(1), 17-22. Recuperado de <http://www.apuntesdepsicologia.es/index.php/revista/article/view/558>
- Posada Kubissa, L. (2012). Argumentos e contra-argumentos para um debate: Sobre tráfico e prostituição. *Ex aequo*, (26), 121-134. Recuperado de http://www.scielo.mec.pt/scielo.php?script=sci_abstract&pid=S0874-55602012000200010&lng=pt&nrm=iso&tlng=es
- Rodríguez, E. M., Fuentes, P., Ramos-Lira, L., Gutiérrez, R. e Ruiz, E. (2014). Violencia en el entorno laboral del trabajo sexual y consumo de sustancias en mujeres mexicanas. *Salud Mental*, 37(4), 355-360. doi: <http://dx.doi.org/10.17711/SM.0185-3325.2014.041>
- Rubio Arribas, F. J. (2012). Consumo y prácticas sociales “ocultas”: la prostitución. *Nómadas. Critical Journal of Social and Juridical Sciences*, 34(2), 211-226. doi: http://dx.doi.org/10.5209/rev_NOMA.2012.v34.n2.40740
- Sadati, A. K., Zarei, N., Argasi, H. e Heydari, S. T. (2019). Experience of violence among street prostitutes: A qualitative study in shiraz, iran. *Journal of Injury and Violence Research*, 11(1), 21-28. doi: 10.5249/jivr.v11i1.865
- Sánchez Recio, R. (2015). Plan Integral de Lucha contra la trata de mujeres y niñas con fines de explotación sexual 2015-2018. Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad. Delegación del Gobierno para la Violencia de género.
- Shokoohi, M., Karamouzian, M., Bauer, G. R., Sharifi, H., Hosseini Hooshyar, S. e Mirzazadeh, A. (2019). Drug use patterns and associated factors among female sex workers in Iran. *Addictive behaviors*, 90, 40-47. doi: <http://dx.doi.org/10.1016/j.addbeh.2018.09.037>
- Syvertsen, J. L., Agot, K., Ohaga, S., e Robertson Bazzi, A. (2019). You can't do this job when you are sober: Heroin use among female sex workers and the need for comprehensive drug treatment programming in Kenya. *Drug and alcohol dependence*, 194, 495-499. doi: <http://dx.doi.org/10.1016/j.drugalcdep.2018.10.019>
- Ulloa Ziaúrriz, T. C. (2011). La prostitución, una de las expresiones más arcaicas y violentas del patriarcado contra las mujeres. *Pensamiento Iberoamericano*, (9),

293-312.

Recuperado

de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=3710944>

Unión Europea (2012). *Estrategia de la UE para la erradicación de la trata de seres humanos (2012- 2016)*. Recuperado de

<https://www.policia.es/trata/pdf/lexuriserv.pdf>

Van Nunen, K., Leuridan, E., Van Hal, G., Van Damme, P. e Decorte, T. (2014). Legal and illegal drug use among female sex workers in bar and club prostitution in belgium: A quantitative and qualitative study. *Drugs: Education, Prevention & Policy*, 21(1), 56-64. doi: <http://dx.doi.org/10.3109/09687637.2013.806432>

Xunta de Galicia e Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia (2012). *Protocolo de Galicia de actuación institucional sobre adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual*. Recuperado de

<http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/protocolofiscalia2012asinadook.pdf>

Zimmerman, C., Hossain, M., Yun, K., Roche, B., Morison, L. e Watts, C. (2006). *Stolen smiles: a summary report on the physical and psychological health consequences of women and adolescents trafficked in Europa*. Recuperado de

<https://www.icmec.org/wp-content/uploads/2015/10/Stolen-Smiles-Physical-and-Psych-Consequences-of-Traffic-Victims-in-Europe-Zimmerman.pdf>

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. <i>Diferenzas legais e xurídicas entre a trata con fins de explotación sexual e a prostitución.....</i>	5
Táboa 2. <i>Indicadores para a identificación de posibles vítimas de TFES.....</i>	7
Táboa 3. <i>Características da mostra.....</i>	21

ÍNDICE DE FIGURAS

Figura 1. <i>Porcentaxe de vítimas de trata por tipo de explotación.....</i>	8
Figura 2. <i>Sexo/xénero e sector de idade das vítimas de TFES.....</i>	9

ANEXOS

Anexo 1: Esquema entrevista

SESIÓN 2. ESQUEMA ENTREVISTA

Para empezar a coñecernos, pareceche se che pregunto uns datos así máis xenéricos?

Cantos anos tes?

Onde naciches?

E agora onde vives?

Que estudos cursaches?

Tes fillos? Cantos?

Agora si, se che parece, podemos comezar co teu relato.

Por se non recordas, o anterior día comentárame que a idea é que ti mesma me vaias contando como foron as experiencias ao longo da túa vida:

Infancia

Para comezar, gustaríame que libremente contaras como recordas a túa infancia.

- Con quen vivías?
- E na escola, como era a escola? Como era a relación cos compañeiros e profesores?

Mantés actualmente contacto con algunha persoa desa época? Familia? Amigos?

E eles saben da túa situación actual?/Eles souberon da túa situación en prostitución?

Prostitución

Cando empezaches na situación de prostitución? Con que idade?

Como foi esa entrada, ese proceso?

Como son /eran as relacións? Co/s dono/s do/s club/s? Coas compañeiras? Cos clientes?

Hai investigacións que relacionan os contextos de prostitución co consumo de drogas.

Cal é a túa experiencia neste caso?

Identificación de violencia

Recoñeces algunha situación de violencia que viviras no contexto de prostitución?

Nalgún momento chegaches a normalizar a situación? A pensar que isto era normal?

Que é/foi para ti o peor desta situación?

E cando che ocorren/ocorreron cousas como esa que fas/fixeches para afrontalo? Que fixeches nesa situación ou en situacións similares?

E de todo o que viviches, hoxe en día que aprendizaxe sacarías?

Estigma

Sabendo que as circunstancias moitas veces son complexas algunha vez pensaches ou intentaches saír desta situación?/Cando saíches desta situación de prostitución? Con que idade? Como foi esa saída?

Dende a túa experiencia en toda esta situación de prostitución pensas que a sociedade mira ás mulleres en prostitución de maneira negativa? Ou cres que isto cambiou dende o pasado á actualidade?

Séntechete discriminada nalgún momento por este motivo?

Cres que isto pode estar afectando á visión que tes de ti mesma?

Proxección de futuro

Agora para rematar unhas preguntíñas máis, xa case acabamos:

Cal é a túa situación actual?

E como te definirías a ti mesma?

Como prantexas o teu futuro? Cales son os teus proxectos?

Anexo 2: Presentación

SESIÓN 1. PRESENTACIÓN ENTREVISTA

Ola ****,

Bo día, son Lucía, supoño que xa che falaron de min. Son psicóloga, e estou cursando o Máster en Psicoloxía da USC. Estou aquí en Vagalume facendo as miñas prácticas.

Como parte do meu traballo, gustaríame coñecer as historias e experiencias das mulleres que acudides aquí.

Si estás de acordo, trataríase de que ti mesma me vaias contando como foron as experiencias ao longo da túa vida, e máis concretamente, as circunstancias que fixeron que entrases en contacto con Vagalume. Sempre co coñecemento de que se nalgún momento queres parar a entrevista, porque non te estás sentindo cómoda ou non che está gustando, deixaremos de gravar e pararemos a entrevista.

Que saibas que por suposto está asegurada a confidencialidade do que me digas, e tamén o teu anonimato fora deste centro, por iso, calquera dato que puidera identificarte non constará por escrito en ningunha parte.

Para facilitar a recollida da información, se che parece ben, a entrevista vai ser gravada, por suposto esta gravación será eliminada en canto termine de facer a súa transcripción a escrito e ningún dato teu identificable quedará gardado.

Quedar día e hora

*Firmar consentimento *

Anexo 3: Consentimento informado



Reunidas,

Dña Lucía Fernández Del Río con nº DNI: *****-*, Psicóloga en prácticas da USC en Caritas Diocesana-Programa Vagalume, e Dña **** * ***, participante do programa,

Acordan:

Que o día ** de **** do 202* a participante firma a presente autorización para a realización dunha entrevista : “Historia de vida”, con gravación de voz e de carácter anónima. A custodia do documento audiovisual queda a cargo do programa Vagalume para uso exclusivamente interno en actividades de sensibilización e/ou formación e cumprindo con todas as normas de LPOD e confidencialidade da testemuña.

Finalmente deixar constancia que Lucía Fernández Del Río destruíra a gravación unha vez finalizada a transcripción necesaria para o seu Traballo de Fin de Máster.

Ambas asinantes declaran que coñecen e aceptan as condicións reflexadas,

Para que así conste, asinan en Santiago de Compostela a ** de **** do 202*,

Fdo:

Fdo:

Fdo:

Lucía Fernández

Participante

**** *. Coleg: *-****

Psicóloga en prácticas

Psicóloga Programa Vagalume